

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de xuño de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día vinte e dous de xuño de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(596).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 8 de xuño de 2017 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(597).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAL E ALUGUER DE MAQUINARIA PARA OBRAS A REALIZAR NOS COLEXIOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA POLO PERSOAL BENEFICIARIO DO PROGRAMA “VIGO EMPREGA”. EXPTE. 18570/332.

Visto o informe de fiscalización de data 15/06/17, dáse conta do informe-proposta de data 14/06/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 9 de xuño de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa "VIGO EMPREGA" (18.570-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa "VIGO EMPREGA" (18.570-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 25 de maio de 2017, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa "VIGO EMPREGA" (18.570-332) na seguinte orde descendente:

<i>LOTE Nº 1 formigóns, morteiros, etc.</i>	
<i>LICITADOR</i>	<i>PUNTUACIÓN</i>
<i>MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.</i>	<i>100,00</i>
<i>TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.</i>	<i>86,67</i>
<i>GARCI VENTA, S.L.</i>	<i>53,33</i>

<i>LOTE Nº 2 materiais de albanelería e sanitarios</i>	
<i>LICITADOR</i>	<i>PUNTUACIÓN</i>
<i>TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.</i>	<i>100,00</i>
<i>MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.</i>	<i>89,47</i>

GARCIVENTA, S.L.	14,55
------------------	-------

<i>LOTE Nº 3 materiais para carpintería de madeira</i>	
LICITADOR	PUNTUACIÓN
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	100,00
GARCIVENTA, S.L.	3,17

<i>LOTE Nº 4 materiais para carpintería de aluminio</i>	
LICITADOR	PUNTUACIÓN
MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	100,00

<i>LOTE Nº 5 materiais para fontanería e saneamento</i>	
LICITADOR	PUNTUACIÓN
ICOGA, S.L.	100,00
MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	80,22
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	80,22
GARCIVENTA, S.L.	68,57

<i>LOTE Nº 6 material para instalacións eléctricas</i>	
LICITADOR	PUNTUACIÓN
MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	100,00
GARCIVENTA, S.L.	25,71

<i>LOTE Nº 7 aluguer de maquinaria</i>	
LICITADOR	PUNTUACIÓN
MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	100,00
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	86,39
GARCIVENTA, S.L.	9,06

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. (lotes 1, 4, 6 e 7), TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lotes 2 e 3) e ICOGA, S.L. (lote 5), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 1.150,56 euros (164,37 euros por lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. (lotes 1, 4, 6 e 7), TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lotes 2 e 3) e ICOGA, S.L. (lote 5), o día 26 de maio de 2017, que presentan a documentación requirida o 6 e 8 de xuño, o 2 de xuño e o 31 de maio de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de xuño de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar, MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. (lotes 1, 4, 6 e 7), TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lotes 2 e 3) e ICOGA, S.L. (lote 5), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. para os lotes 1, 4, 6 e 7, TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. para os lotes 2 e 3 e ICOGA, S.L. para o lote 5, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de data 19 de maio de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

A) *“Adxudicar a MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. os lotes 1, 4, 6 e 7 do procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa “VIGO EMPREGA” (18.570-332) coas seguintes condicións:*

- *Lote 1 “formigóns, morteiros, etc.” cunha baixa proporcional única do 15% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no prego de prescricións técnicas particulares (prezo total do contrato 9.029,02 euros).*
- *Lote 4 “materiais para carpintería de aluminio” cunha baixa proporcional única do 10% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no prego de prescricións técnicas particulares (prezo total do contrato 2.789,39 euros).*
- *Lote 6 “material para instalacións eléctricas” cunha baixa proporcional única do 10% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no prego de prescricións técnicas particulares (prezo total do contrato 7.405,09 euros).*
- *Lote 7 “aluguer de maquinaria” cunha baixa proporcional única do 10% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no prego de prescricións técnicas particulares (prezo total do contrato 9.618,23 euros).*

B) *Adxudicar a TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. os lotes 2 e 3 do procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa “VIGO EMPREGA” (18.570-332) coas seguintes condicións:*

- *Lote 2 “materiais de albanelería e sanitarios” cunha baixa proporcional única do 15% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no prego de prescricións técnicas particulares (prezo total do contrato 60.812,48 euros).*
- *Lote 3 “materiais para carpintería de madeira” cunha baixa proporcional única do 10% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no prego de prescricións técnicas particulares (prezo total do contrato 11.127,61 euros).*

C) *Adxudicar a ICOGA, S.L. o lote 5 “materiais para fontanería e saneamento” do procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa “VIGO EMPREGA” (18.570-332) cunha baixa proporcional única do 35% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no prego de prescricións técnicas particulares (prezo total do contrato 9.974,51 euros).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(598).- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA PROPOSTA PARA O DESENVOLVEMENTO UN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA SCD ATLÁNTIDA MATAMÁ, APROBADO EN X.GOVERNO DE 12/05/17. EXPTE. 15983/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 15/06/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade técnica e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno local na sesión ordinaria do 12 de Maio de 2017 aprobou o expediente 15983/333, "Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a SCD Atlántida de Matamá en base ó desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade considerada de élite na tempada deportiva 2016/2017.

Dito expediente contén un erro material que non afecta ó contido fundamental da proposta, tal e como se detalla:

- Doutra, "Don Cristian Gonzalez Martinez como presidente do **Club Atletismo Femenino Celta.....**"

Detectado o dito erro material, procede informar que corrixiuse a redacción do convenio, quedando o párrafo modificado tal como se detalla:

- Doutra, "Don Cristian González Martinez como presidente da **SCD Atlántida Matamá ...**"

Por todo o que vai dito, o texto do convenio queda reformulado como segue:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A SOCIEDADE CULTURAL DEPORTIVA ATLÁNTIDA DE MATAMÁ EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017 (EXPTE. 15983/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezasete.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, Don Cristian González Martínez como presidente da SCD Atlántida Matamá co CIF: G-36620854 e enderezo social na rúa Canteiros 53 en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15983-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade SCD Atlántida Matamá conta cun equipo de élite que participa na categoría Segunda División nacional Feminina desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade SCD Atlántida Matamá desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2016/2017.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade SCD Atlántida Matamá impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do fútbol en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.480.00.02 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00€, a favor da entidade deportiva SCD Atlántida Matamá

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinetes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar ó financiamento do proxecto xeral da entidade SCD Atlántida de Matamá na tempada deportiva 2016/2017.

VI.- Que a entidade SCD Atlántida Matamá non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con

este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15983-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade SCD Atlántida Matamá o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade SCD Atlántida Matamá comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de fútbol na tempada 2016/2017.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade SCD Atlántida Matamá na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade S.C.D. Atlántida Matamá (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade SCD Atlántida Matamá unha subvención por importe de 20.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.02 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadjuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2016/2017.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2016/2017, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos

recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser

debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2015/2016. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2016/2017, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de ____ de 2017.

O Alcalde de Vigo
Asdo. Abel Caballero Alvarez

O Presidente do SCD Atlántida Matamá
Asdo. Cristian Gonzalez Martinez

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a corrección do erro material da proposta para o desenvolvemento dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a SCD Atlántida de Matamá en base ó desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade considerada de elite na tempada deportiva 2016/2017 (Expte. 15983/333).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(599).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN CELTA DE VIGO POLO DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE FOMENTO DO FÚTBOL BASE DURANTE A TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017. EXPTE. 15869/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14/03/17 e o informe de fiscalización do 3/04/17, dáse conta do informe-proposta de data 27/04/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade Técnica, conformado polo

concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 15869/333 sobre as proposta de subvención a favor da entidade deportiva Fundación Celta de Vigo en base o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade, e tendo en conta o informe de fiscalización emitido pola Intervención do Concello de Vigo de data 3 de Abril de 2017 onde se detalla que “previo ao sometemento do expediente ao coñecemento da xunta de goberno local deberase requerir a Fundación Celta a acreditación detallada da finalidade das becas”. Sobre estas consideracións procedese a informar:

- Procedeuse a incorporación o expediente do informe solicitado.

Por todo o exposto, procédese á dar continuidade o expediente atendendo ás observacións detalladas.

Antecedentes:

A Fundación Celta de Vigo foi constituída en escritura pública outorgada en Vigo, o día 17 de xullo 1996, e declarada de interese Galego por Orden da Consellería da Presidencia e Administración Pública, do 29 de outubro de 1996.

Esta Fundación, ao amparo do establecido no artigo 5 dos seus estatutos, ten por obxecto e finalidade, entre outros, fomentar o desenvolvemento do deporte en todos os seus ámbitos.

Neste sentido, a Fundación Celta de Vigo desenvolve actuacións encamiñadas á dinamización de actividades deportivas relacionadas coa práctica do fútbol, e a promoción de actuacións vinculadas ó fomento desta modalidade, así como outras actividades relacionadas ou derivadas de dita práctica, fundamentalmente orientadas ás categorías base.

Entre as actuacións enmarcadas nestes obxectivos, atopamos que o desenvolvemento do programa de fútbol base da Fundación Celta de Vigo, supón a principal actividade desta entidade cunha importante relevancia na cidade de Vigo, tanto pola súa tradición no fútbol de Vigo, como pola súa importancia mediática e social, tanto na propia cidade como no resto do territorio nacional, ao estar relacionada directamente co R.C. Celta de Vigo e o seu equipo na máxima categoría do fútbol.

O programa que presenta a Fundación Celta de Vigo dentro do obxecto deste expediente de subvención, oriéntase fundamentalmente á dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores do R.C. Celta de Vigo, que contan con equipos que participan nas competicións de maior nivel deportivo de carácter nacional e autonómico, como a Liga de División de Honra Xuvenil, ou a Liga de División de Honra Cadete, así como no resto de competicións e categorías de carácter máis formativo, como a Liga Galega Cadete ou a Liga Alevín Provincial. Ademais, como parte do proceso formativo, os diferentes equipos do proxecto, compiten nalgúns dos Torneos de nivel nacional e internacional nos que se dan cita equipos base de equipos de todo o mundo, como o Torneo Fundación Real Sociedade, Torneo de Nantes, Torneo Stadium Casablanca, Torneo Piru Gaínza, Oviedo Cup, Torneo Dani Güeñes, Torneo Goya, Levante Cup, Argentona Cup, Torneo de Dubai, Esposende Cup, Arosa Futbol 7, Danone Nations Cup, Liga Promises, Coelho Verde, Munidalito de

Cambrils, Madrid International Soccer, Torneo Alondras, Jamón Cup, Azpeitia Cup, Torneo Abanqueiro, Torneo de Polvorín, Torneo RC Deportivo de la Coruña, Ciudad de Pontevedra, Ciudad de Pontevedra, Torneo EVO, Torneo Caldas, Torneo Louro, Torneo Sálvora.

Por todo o exposto, tendo en conta a consideración de que esta subvención responde á propia relevancia da actividade desta entidade, ó tempo que a súa colaboración coa administración pretende a consolidación do proxecto deportivo considerado de interese para o desenvolvemento do proxecto da cidade de Vigo e o deporte en función das seguintes actuacións transversais entre o Concello e a propia Fundación Celta de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios suficientes que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, para o cal, propónse a resolución desta subvención directa á FUNDACIÓN CELTA DE VIGO, para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

En relación a este aspecto, debemos destacar que o proxecto presentado pola Fundación Celta de Vigo desenvolvido durante a tempada deportiva 2015/2016, responde a un traballo que pódese catalogar de exclusivo, xa que a Fundación Celta de Vigo é a única cun proxecto de semellante desenvolvemento deportivo, tanto polo número de equipos como pola categoría deportiva dos mesmos no ámbito do fútbol base da cidade.

Polo exposto, a subvención proposta a través deste expediente, responde ó desenvolvemento da propia partida nominativa para esta subvención, non existindo concorrencia ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2016, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Tendo en conta estes criterios e a actuación levada a cabo pola Fundación Celta de Vigo, plantéase a presente proposta de adxudicación dunha subvención á Fundación Celta de Vigo. A proposta de subvención ten en conta o alcance do orzamento destinado pola Fundación Celta á execución do proxecto de dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores do R.C. Celta de Vigo, que de acordo coa memoria presentada, que se adxunta a este expediente ascende a un gasto total de 616.000,00 €.

Atendendo ó exposto, o importe proposto para coadxuvar ó financiamento que supuxo o desenvolvemento do programa de fomento do fútbol base desenvolvido pola propia Fundación Celta de Vigo na cidade de Vigo na tempada 2016/2017 ascende a un importe de 295.000,00€. Dito importe financiarase a través do crédito existente na partida 3410.489.00.16.

A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que "Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos".

O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar á financiamento dos gastos vinculados ó desenvolvemento do programa de fútbol base desenvolvido na cidade de Vigo na tempada deportiva 2016/2017.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.

A Fundación Celta de Vigo presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades realizadas e o destino previsto para a subvención solicitada.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte da Fundación Celta de Vigo das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A beneficiaria, presentou o proxecto que xustifica o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención. Tras a aprobación da presente proposta, a beneficiaria deberá presentar os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRA: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a Fundación Celta De Vigo, para a subvención do proxecto de PROMOCION DO FUTBOL BASE a través da dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores do R.C. Celta de Vigo, que contan con equipos que participan nas competicións de maior nivel deportivo de carácter nacional e autonómico, como a Liga de División de Honra Xuvenil, ou a Liga de División de Honra Cadete.

SEGUNDA: Autorizar e dispoñer o gasto de 295.000,00 €. a favor da Fundación Celta de Vigo, co CIF: G-36810042, con enderezo social na Rúa Conde de Gondomar, 1, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente 15869-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.16. do vixente orzamento:

TERCEIRA: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN CELTA DE VIGO POLO DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE FOMENTO DO FÚTBOL BASE DURANTE A TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017. (Expte. 15869-333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezasete.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don Manuel Carlos Mouriño Atanes como presidente da entidade Fundación Celta de Vigo con CIF: G-36810042 e enderezo social na rúa Conde de Gondomar 1, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15869/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Fundación Celta de Vigo conta cun equipo de elite que participa na categoría División de Honra Prata desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

Esta Fundación, ao amparo do establecido no artigo 5 dos seus estatutos, ten por obxecto e finalidade, entre outros, fomentar o desenvolvemento do deporte en todos os seus ámbitos.

Neste sentido, a Fundación Celta de Vigo desenvolve actuacións encamiñadas á dinamización de actividades deportivas relacionadas coa práctica do fútbol, e a promoción de actuacións vinculadas ó fomento desta modalidade, así como outras actividades relacionadas ou derivadas de dita práctica, fundamentalmente orientadas ás categorías base.

Entre as actuacións enmarcadas nestes obxectivos, atopamos que o desenvolvemento do programa de fútbol base da Fundación Celta de Vigo, supón a principal actividade desta entidade cunha importante relevancia na cidade de Vigo, tanto pola súa tradición no fútbol de Vigo, como pola súa importancia mediática e social, tanto na propia cidade como no resto do territorio nacional, ao estar relacionada directamente co R.C. Celta de Vigo e o seu equipo na máxima categoría do fútbol.

II.-O programa que presenta a Fundación Celta de Vigo dentro do obxecto deste expediente de subvención, oriéntase fundamentalmente á dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores do R.C. Celta de Vigo, que contan con equipos que participan nas competicións de maior nivel deportivo de carácter nacional e autonómico, como a Liga de División de Honra Xuvenil, ou a Liga de División de Honra Cadete, así como no resto de competicións e categorías de carácter máis formativo, como a Liga Galega Cadete ou a Liga Alevín Provincial

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.16, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 295.000,00€, a favor da entidade deportiva Fundación Celta de Vigo.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto PROMOCION DO FUTBOL BASE a traves da dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores da entidade Fundación Celta de Vigo a na tempada deportiva 2016/2017.

VI.- Que a entidade Fundación Celta de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15869/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e a Fundación Celta de Vigo como entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Fundación Celta de Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.- Desenvolver a actuación principal da entidade nun proxecto xeral de PROMOCIÓN DO FUTBOL BASE en Vigo, que inclúe a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de fútbol na tempada 2016/2017.

3º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Fundación Celta de Vigo na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- *Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Fundación Celta de Vigo (revista, web, etc).*

3º.- *Conceder directamente á entidade Fundación Celta de Vigo unha subvención por importe de 295.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.16 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar no desenvolvemento do proxecto PROMOCION DO FUTBOL BASE a traves da dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores da Fundación Celta de Vigo , desenvolvido na tempada deportiva 2016/2017.*

Terceiro.- *Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2016/2017, coa que será incompatible.*

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.*

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- *En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.*

Sexto.- *A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio.*

Sétimo.- *A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con*

facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo mesmo, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2016/2017. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2016/2017, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do

presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de _____ de 2017.

5(600).- PROPOSTA PARA A CREACIÓN DO FICHEIRO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL “VIDEOVIXILANCIA INSTALACIÓNS DESCENTRALIZADAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO” E INSCRIPCIÓN NA AGENCIA ESPAÑOLA DE PROTECCIÓN DE DATOS. EXPTE. 14022/77

Visto o informe xurídico do 13/06/17, dáse conta do informe-proposta de data 28/04/17, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego e o concelleiro-delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dispón dun local na rúa Arquitecto Pérez Bellas nº 9, de propiedade municipal, que albergará varios espazos de traballo e salas de reunións, todos eles preparados con equipos de informática, mobiliario adecuado e outro equipamento necesario para o seu funcionamento como sede descentralizada do devandito servizo. Dada a ubicación do local, no baixo dun edificio, co acceso ao mesmo a través dun parque público e, polo tanto, alonxado de calquera zona de paso de peóns, faise necesario establecer un control de videovixilancia para evitar calquera acto de vandalismo ou intento de roubo.

Por este motivo, previa a instalación do sistema de videovixilancia que se orientará á porta de entrada ao local, de conformidade o disposto na Lei 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, é necesaria a creación dun ficheiro de datos de carácter persoal co fin de protexer as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente a súa honra e intimidades persoal e familiar.

A Lei 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, no seu artigo 20, dispón que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das Administracións Públicas, poderán facerse unicamente por medio de disposición xeral publicada no BOE ou no diario oficial correspondente.

Conforme ao informe previo, é preciso a creación do ficheiro, de nivel básico, "Videovixilancia instalacións descentralizadas de Desenvolvemento Local e Emprego", conforme aos requirimentos do Anexo I.

Polo anteriormente exposto PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. *Autorizar ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego á creación do ficheiro de datos de carácter persoal "Videovixilancia instalacións descentralizadas de Desenvolvemento Local e Emprego", conforme ás especificacións do Anexo I e en cumprimento do artigo 20 da Lei 15/1999.*
2. *O ficheiro que se recolle no anexo I desta Resolución, rexirase polas disposicións xerais que se detallen para o mesmo e estará sometido, en todo caso, ás normas legais e regramentarias de rango superior que lle sexan aplicables.*
3. *Delegar no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo a responsabilidade de xestión do ficheiro creado e a regularización do mesmo, conforme ao establecido na Lei 15/1999, de 13 de decembro de Protección de datos de carácter persoal.*
4. *O presente acordo entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I. Relación de inscrición de alta do ficheiro

Ficheiro: "Videovixilancia instalacións descentralizadas de Desenvolvemento Local e Emprego".

- a) Finalidade do ficheiro: Controlar o acceso e a seguridade das instalacións municipais a través dun sistema de videovixilancia.
- b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter os datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: Empregados, cidadáns e en xeral tódalas persoas que accedan ás instalacións.
- c) Procedencia e procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: Son aportados polos interesados mediante a gravación de imaxes a través dun sistema automatizado.
- d) Estructura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos no mesmo: imaxen.
- e) Comunicacions ou cesións da datos: Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.
- f) Órgano responsable do ficheiro: Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.
- g) Servizos ou unidades ante os que poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Rexistro Municipal ou Servizo de

Desenvolvemento Local e Emprego. Concello de Vigo. Praza do Rei, s/n. 36201.
Vigo. Teléfono: 986 810 232.
h) Nivel do Ficheiro: Básico.

6(601).- OUTORGAMENTO DAS AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2017. EXPTE. 13823/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16/06/17, dáse conta do informe-proposta de data 12/06/17, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, o concelleiro-delegado de Emprego e polo secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, leva a cabo programas e proxectos, sendo uns dos seus principais obxectivos o fomento do emprego. Deste xeito, a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego desenvolve, entre outros, o programa de "Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa", como estímulo ao empresariado para a contratación dos mozos e mozas do municipio de Vigo.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 27 de abril de 2017, aprobou as bases reguladoras e convocatoria das Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa, cunha disposición total de 100.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470.00.00 "Plan de emprego xuvenil" do Estado de Gastos do vixente orzamento do ano 2017 contabilizándose o RC Núm. 201700032380 (achégase copia do informe de intervención). As Bases reguladoras destas axudas foron publicadas no BOP núm. 84 do 3 de maio de 2017 e o Extracto da convocatoria foi publicado no BOP núm. 93 do 16 de maio de 2017 e difundidas mediante unha campaña de publicidade na prensa e na páxina web do Concello de Vigo.

O concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos, con data 09/06/2017, conforme ao establecido coa base 4ª, apartado 4.2, resolveu nomear a Comisión de Valoración e Seguimento que preside (achégase copia do documento).

Logo de examinar as solicitudes recibidas no Rexistro Xeral do concello pola comisión de valoración e seguimento das Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa, verifícase que cumpren os requisitos contidos nas bases reguladoras e convocatoria e concrétase a contía da axuda a conceder, segundo o apartada a.3. Tipos e contías da axuda:

Ord e	Expte.	Solicitante	CIF	Programa solicitado	Transform c. contrato	Incremento colectivo		Xornada laboral	Axuda a conceder
						Muller	VVD		
1	14060/77	EUROSINIESTROS, SL	B27739184	Indefinidos	2.000,00 €	500,00€	0,00€	100%	2.500,00 €
2	14063/77	EL CAFETAL VIGO,	B36925360	Indefinidos	2.000,00 €	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €

Ord e	Expte.	Solicitante SL	CIF	Programa solicitado	Transform c. contrato	Incremento colectivo		Xornada laboral	Axuda a conceder
3	14064/77	KOREMI XESTIÓN DEPORTIVA, SLU	B27729193	Indefinidos	2.000,00 €	500,00€	0,00€	50%	1.250,00 €
4	14074/77	ROI DIGITAL BUSINESS, SL	B27808666	Indefinidos	2.000,00 €	500,00€	0,00€	100%	2.500,00 €
5	14088/77	CHORRO NAVAL, SL	B36655934	Indefinidos	2.000,00 €	500,00€	0,00€	100%	2.500,00 €

O art. 7.4 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co art. 127.g) da Lei 57/03, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local “o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal”.

De conformidade cos art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), en redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno poñen fin á vía administrativa.

Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, art. 123 y art. 124, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o segundo ata a resolución expresa do primeiro ou a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo será de dous meses, establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA).

De acordo co establecido na base 4ª, apartado 4.1: “Dado o interese público, económico e social, derivado das particulares circunstancias económicas e sociais do colectivo de persoas traballadoras desempregadas, destinatarias finais destas axudas e ao amparo do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e atendendo ao seu carácter singular, estas subvencións, en calquera dos seus programas, outorgaranse no réxime de concorrencia competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as empresas ou entidades beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito presupostario suficiente.”

Segundo o acta da Comisión de Valoración e Seguimento do 09.06.2017 que se achega no expediente, se indican as empresas solicitantes destas axudas que, ata o momento, cumpren os requisitos esixidos nas bases reguladoras e convocatoria por un importe de **10.750,00€** con cargo a aplicación orzamentaria 2410.470.00.00 “Plan de emprego xuvenil”, correspondente ao Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (P. Indefinidos), quedando pendente a cantidade de 39.250,00€ para o

outorgamento das axudas ao abeiro do Programa Indefinidos e a cantidade de 50.000,00€ para o outorgamento das axudas ao abeiro do Programa Contratacións.

Deste xeito, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Propoñer a concesión, por un importe de **10.750,00€** con cargo a aplicación orzamentaria 2410.470.00.00 "Plan de emprego xuvenil", correspondente ao Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (P. Indefinidos) das axudas seguintes:

Orde	Expte.	Solicitante	DNI/CIF	Programa solicitado	Importe en euros
1	14060/77	EUROSINIESTROS, SL	B27739184	Indefinidos	2.500,00 €
2	14063/77	EL CAFETAL VIGO, SL	B36925360	Indefinidos	2.000,00 €
3	14064/77	KOREMI XESTIÓN DEPORTIVA, SLU	B27729193	Indefinidos	1.250,00 €
4	14074/77	ROI DIGITAL BUSINESS, SL	B27808666	Indefinidos	2.500,00 €
5	14088/77	CHORRO NAVAL, SL	B36655934	Indefinidos	2.500,00 €

SEGUNDO: Notificar o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015, de LPAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

TERCEIRO: Informar, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación do art. 141.1.c) da Lei 40/2015, de LRXSP, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(602).- BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2016/2017. EXPTE. 7636/224.

Visto o informe xurídico do 12/06/17 e o informe de fiscalización do 16/06/17, dáse conta do informe-proposta do 12/06/17, asinado polo axente de igualdade de oportunidades, conformado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de dito servizo e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Este expediente recolle as bases reguladoras e a convocatoria específica para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas que promovan o deporte feminino (licencias femininas en equipos ou en categorías individuais), teñan o seu enderezo social en Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e reúnan os requisitos establecidos nestas bases, co obxecto de contribuír a financiar os gastos ocasionados polo seu funcionamento e a súa actividade deportiva na tempada 2016/2017, ou do ano 2017 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

O deporte é un pilar básico para a saúde e o benestar, tanto físico como psicolóxico, que potencia a estima das persoas que o practican, ao igual que o coñecemento do seu propio corpo, motivando un estilo de vida con hábitos saudables. Asemade, o deporte é un medio para afirmar a personalidade dun xeito integral, que lle aprende a quen o practica cualidades como o liderado, a autosuperación, o compañeirismo e a autoestima. O deporte tamén é un espazo socializador que axuda na prevención de prácticas discriminatorias e violentas e a súa práctica, en igualdade de condicións para mulleres e homes, repercute nunha sociedade máis igualitaria.

Sen embargo, o acceso e a participación das mulleres ao ámbito deportivo foi tardío e, aínda hoxe, a súa presenza é menor en case todas as modalidades de práctica recreativa, competitiva e/ou profesional, así como en todas as estruturas que conforman o sistema deportivo. Xeralmente, as nenas, a partir dos doce anos de idade, abandonan de xeito preocupante as prácticas deportivas, renunciando aos seus beneficios físicos e psíquicos, nunha idade especialmente importante para formar a personalidade. Como ocorre noutros ámbitos, as mulleres deben superar barreiras e estereotipos que limitan a súa participación no deporte e xeran desigualdade.

No deporte federado a presenza das mulleres e de nenas segue sendo minoritaria producíndose unha clara segregación horizontal e vertical. Esta realidade é patente no ámbito estatal, autonómico e municipal: os datos que reflicten a escasa participación de mulleres e nenas nas entidades deportivas da cidade son semellantes en Galicia e en España, en termos porcentuais. Isto avala que non se trata dunha situación puntual, ou froito do azar, senón que responde a mecanismos de desigualdade directos e indirectos aínda existentes na sociedade.

Tamén é salientable a menor repercusión que ten nos medios de comunicación a participación deportiva e os logros conseguidos por mulleres ou nenas deportistas. As competicións masculinas adoitan contar con maior impacto social, recursos e interese que os realizados por mulleres; esta invisibilización repercute de forma negativa na percepción das deportistas sobre a súa práctica, inflúe tamén minorando a afluencia de público nas competicións femininas; limita o acceso ao financiamento dos propios clubs e equipos con licencias femininas e por último, o feito de ter menos referentes de mulleres deportistas reflectidas nos medios, un dos principais axentes socializadores, obstaculiza o acceso á participación de nenas e mulleres na práctica deportiva.

Todo o exposto confirma que as mulleres non teñen as mesmas oportunidades que os homes neste eido e avala a necesidade de establecer políticas públicas tendentes a corrixir esa situación de desigualdade, axuden a remover estes obstáculos e promovan o acceso, permanencia e promoción das nenas, adolescentes e mulleres na práctica deportiva.

A lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impoñelles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva de mulleres e homes. No ámbito do deporte, establece no seu artigo artigo 29 que *“todos os programas públicos de desenvolvemento do deporte incorporarán a efectiva consideración do principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no seu deseño e execución; así como: “o Goberno promoverá o deporte feminino e favorecerá a efectiva apertura das disciplinas deportivas as mulleres, mediante o desenvolvemento de programas específicos en todas as etapas da vida e en todos os niveis, incluídos os de responsabilidade e decisión.”*

A esta finalidade da convocatoria refírense os artigos 25.2 apartado m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 80.2. “n” e “o” da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Por todo o exposto, o Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, con esta convocatoria de subvencións pretende promover o deporte feminino a través do apoio ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres na competición das distintas disciplinas deportivas. Para este fin, destínase un crédito máximo de 27.000,00€ que se fará efectivo con cargo á partida específica 2311 4890000 *“Promoción da igualdade e do deporte feminino”* do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade. As bases e a convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión

Atendendo á instrución 1/2014 de Intervención Xeral en relación á aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa citada Lei 27/2013, este servizo xestor informa de que as actuacións que esta concellería vai realizar baixo este expediente administrativo consisten en actuacións xa establecidas pola concellería de Igualdade en exercicios anteriores e con cargo á mesma partida presupostaría 2311 4890000, tramitando en anos anteriores expedientes similares, sirvan como exemplo as referencias dos seguintes expedientes: 5484/224 do 2012 e 5823/224 do 2013. Polo exposto anteriormente, xustifícase a continuidade que require a norma.

En relación ao cumprimento dos procedementos para a concesión en réxime de concorrencia competitiva establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente considera os principios recollidos no artigo 20 da citada lei e asemade, recolle os mecanismos establecidos na Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a Lei 15/2014 de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa; a lexislación básica do estado en materia do réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de exe-

cución do orzamento do Concello de Vigo para o exercicio 2017; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Polo exposto, e previo o preceptivo informe xurídico e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Aprobar as Bases reguladoras específicas da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2016/2017 que se incorporan ao expediente.

SEGUNDO: Aprobar o texto da convocatoria de subvencións a entidades deportivas para a promoción do deporte feminino na tempada 2016/2017, e o extracto da mesma, (incorporados ao expediente) que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, en base ó establecido na Resolución do 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

TERCEIRO: Aprobar a autorización de gasto, por importe máximo de 27.000,00€ (vinte sete mil euros), que se imputará con cargo á partida presupostaria 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2016/2017 EXPTE 7636/224

O deporte é un pilar básico para a saúde e o benestar, tanto físico como psicolóxico, que potencia a estima das persoas que o practican, ao igual que o coñecemento do seu propio corpo, motivando un estilo de vida con hábitos saudables. Asemade, o deporte é un medio para afirmar a personalidade dun xeito integral, que lle aprende a quen o practica cualidades como o liderado, a autosuperación, o compañeirismo e a autoestima. O deporte tamén é un espazo socializador que axuda na prevención de prácticas discriminatorias e violentas e a súa práctica, en igualdade de condicións para mulleres e homes, repercute nunha sociedade máis igualitaria.

Sen embargo, o acceso e a participación das mulleres ao ámbito deportivo foi tardío e, aínda hoxe, a súa presenza é menor en case todas as modalidades de práctica recreativa, competitiva e/ou profesional, así como en todas as estruturas que conforman o sistema deportivo. Xeralmente, as nenas, a partir dos doce anos de idade, abandonan de xeito preocupante as prácticas deportivas, renunciando aos seus beneficios físicos e psíquicos, nunha idade especialmente importante para formar a personalidade. Como ocorre noutros ámbitos, as mulleres deben superar barreiras e estereotipos que limitan a súa participación no deporte e xeran desigualdade.

No deporte federado a presenza das mulleres e de nenas segue sendo minoritaria producíndose unha clara segregación horizontal e vertical. Esta realidade é patente no ámbito esta-

tal, autonómico e municipal: os datos que reflicten a escasa participación de mulleres e nenas nas entidades deportivas da cidade son semellantes en Galicia e en España, en termos porcentuais. Isto avala que non se trata dunha situación puntual, ou froito do azar, senón que responde a mecanismos de desigualdade directos e indirectos aínda existentes na sociedade.

Tamén é salientable a menor repercusión que ten nos medios de comunicación a participación deportiva e os logros conseguidos por mulleres ou nenas deportistas. As competicións masculinas adoitan contar con maior impacto social, recursos e interese que os realizados por mulleres; esta invisibilización repercute de forma negativa na percepción das deportistas sobre a súa práctica, inflúe tamén minorando a afluencia de público nas competicións femininas; limita o acceso ao financiamento dos propios clubs e equipos con licencias femininas e por último, o feito de ter menos referentes de mulleres deportistas reflectidas nos medios, un dos principais axentes socializadores, obstaculiza o acceso á participación de nenas e mulleres na práctica deportiva.

Todo o exposto confirma que as mulleres non teñen as mesmas oportunidades que os homes neste eido e avala a necesidade de establecer políticas públicas tendentes a corrixir esa situación de desigualdade que axuden a remover estes obstáculos e promovan o acceso, permanencia e promoción das nenas, adolescentes e mulleres na práctica deportiva.

A lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impónlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. No ámbito do deporte, establece no seu artigo 29 que “todos os programas públicos de desenvolvemento do deporte incorporarán a efectiva consideración do principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no seu deseño e execución; así como: “o Goberno promoverá o deporte feminino e favorecerá a efectiva apertura das disciplinas deportivas as mulleres, mediante o desenvolvemento de programas específicos en todas as etapas da vida e en todos os niveis, incluídos os de responsabilidade e decisión.”

Por todo o exposto, o Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, con esta convocatoria de subvencións pretende promover o deporte feminino a través do apoio ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres na competición das distintas disciplinas deportivas. Para este fin, destínase un crédito máximo de 27.000,00€ que se fará efectivo con cargo á partida específica 2311 4890000 “Promoción da igualdade e do deporte feminino” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade. As bases e a convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións ao que se refiren as presentes bases responde á finalidade de promover o deporte feminino a través do apoio económico ás entidades deportivas da cidade de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres na competición das distintas disciplinas deportivas (equipos e/ou individuais). Este apoio materializarase en contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento destes clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas do municipio de Vigo, durante

a tempada deportiva 2016/2017, ou do ano 2017 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indudábel correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta, así como os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas dos equipos con licencias femininas.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán consideración de gastos subvencionables os seguintes: pagamento de licencias federativas femininas, viaxes, aloxamentos e comidas (concreción de menús), arbitrxes, adestradoras/es, alugueiro de instalacións deportivas, gastos telefónicos, compras de material deportivo, etc. En xeral serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva que garden relación directa coa actividade deportiva das xogadoras ao longo da tempada 2016/17, ou do ano 2017 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

Non se valorará como gasto subvencionable o uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo cando ese importe fose tido en conta para xustificar a subvención concedida na convocatoria específica de subvencións do ano 2017 da Concellería de Deportes deste Concello. O servizo de Igualdade solicitará información ao respecto ao servizo de Deportes.

Quedan excluídos como gastos subvencionables os seguintes: a adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, espectáculos, adquisición de patrimonio e/ou investimento e calquera outro gasto que non sexa necesario para a consecución da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estes de 18.000,00€, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

A tempada 2016/2017 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos recabados das respectivas federacións, e a data de inscrición dos equipos ou das deportistas individuais. A tal efecto, o servizo de Igualdade, no informe que se xuntará documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma. O órgano instructor do procedemento poderá solicitar á Concellería de Deportes canta información e documentación teña este servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento e valoración dos proxectos e entidades presentadas a esta convocatoria.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 27.000,00 euros (vinte e sete mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria para o exercicio de 2017: 2311 4890000 "Promoción da igualdade e do deporte feminino" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do R. d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da lei xeral de subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS.

1. Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que reúnan os seguintes requisitos :

- a) Teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.*
- b) Teñan personalidade xurídica propia e carezan de ánimo de lucro.*
- c) Se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.*
- d) Cumpran cos demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.*
- e) Que contén cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2016-2017, ou do ano 2017 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.*

2. Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:

- As federacións deportivas.*
- Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais*
- Os clubs que por calquera causa se retiraran da competición oficial durante algunha das tempadas 2015-2016 ou 2016-2017. (no caso de modalidades cuxa tempada deportiva fose anual terase en consideración para aplicar esta exclusión as anualidades: 2016 e 2017).*

3. As entidades deberán estar integradas en competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de club ou equipo profesional.

4.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes entregarán unha declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

5.- Na fase de proposta de resolución as solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións. Existe a

posibilidade de acreditar simplificadaamente estas circunstancias, nos supostos indicados no artigo 24 do citado RD 887/2006, en particular o parágrafo cuarto para aquelas subvencións nas que o importe das cales non supere a contía de 3.000€, como é o caso desta convocatoria.

6.- Igualmente as solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas para co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o/a solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo ós departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS.

Serán obrigas das beneficiarias das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1.- Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia do financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.

2.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.

3.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista en todo o soporte material e audiovisual que se empregue para a organización, difusión e execución das súas actividades.

4.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.

5.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.

6.-Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización do programa subvencionado.

7.-Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

8.-Aboar as taxas, impostos, permisos, seguros e todos os demais gastos derivados da realización do programa subvencionado.

9.- As demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o R. d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada Lei.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da Concellería de Igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio.

Para efectuar a proposta de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 34 puntos.

1.- Número de licenzas femininas na tempada 2016-2017. Ata un máximo de 14 puntos:

Volume de licenzas femininas e puntuación: (*Excepto: Actividades subacuáticas, Bádmin-ton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Surf, Taekwondo e Tenis)

- a) Con 10 licenzas femininas e menos de 35: 2 puntos
- b) Con 35 licenzas femininas e menos de 60: 4 puntos
- c) Con 60 licenzas femininas e menos de 85: 6 puntos
- d) Con 85 licenzas femininas e menos de 110: 8 puntos
- e) Con 110 licenzas femininas e menos de 135: 10 puntos
- f) Con 135 licenzas femininas e menos de 150: 12 puntos
- g) Con 150 licenzas ou máis: 14 puntos

Volume de licenzas femininas e puntuación para: Actividades subacuáticas, Bádmin-ton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Surf, Taekwondo e Tenis)

- a) Con 10 licenzas femininas e menos de 70: 2 puntos
- b) Con 70 licenzas femininas e menos de 120: 4 puntos
- c) Con 120 licenzas femininas e menos de 170: 6 puntos
- d) Con 170 licenzas femininas e menos de 220: 8 puntos
- e) Con 220 licenzas femininas e menos de 270: 10 puntos
- f) Con 270 licenzas femininas e menos de 320: 12 puntos
- g) Con 320 licenzas ou máis: 14 puntos

2.- Porcentaxe de licenzas femininas con respecto ao total de licenzas na tempada 2016-2017. Ata un máximo de 10 puntos:

Porcentaxe de licenzas femininas e puntuación: (*Excepto: Actividades subacuáticas, Bád-minton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Surf, Taekwondo e Tenis)

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 2 puntos
- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 4 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 6 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 8 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas ata o 100%: 10 puntos

Porcentaxe de licenzas femininas e puntuación para: Actividades subacuáticas, Bádmin-ton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Surf, Taekwondo e Tenis)

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 1 puntos
- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 2 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 3 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 4 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas ata o 100%: 5 puntos

3.- Porcentaxe de mulleres que integran a actual xunta directiva da entidade. Ata un máximo de 10 puntos:

- a) 0% de mulleres: 0 puntos
- b) Ata o 20% de mulleres: 2 puntos
- c) Do 20% de mulleres ata menos do 40% de mulleres: 4 puntos

- d) Do 40% de mulleres ata menos do 60%: 6 puntos
- e) Do 60% de mulleres ata menos do 80%: 8 puntos
- f) Do 80% de mulleres ata o 100%: 10 puntos

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIONES.

1. O importe total máximo destinado a estas subvencions distribuirase entre todas as entidades que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiaria, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencions, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará en función dos criterios previstos na base sétima.

2. O importe total da convocatoria distribuirase entre a suma total de puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso.

3. Establécese unha contía mínima e máxima da axuda a conceder: 200 € é a contía mínima establecida e 1.500 € o importe máximo da axuda. Por conseguinte, trala baremación das solicitudes, as entidades que consigan unha axuda superior a 1.500 € quedarán limitadas e esta contía e as entidades que non consigan unha axuda por importe igual ou superior a 200 € quedarán excluídas. En caso de quedar crédito libre, repartirase entre as solicitantes a partes iguais e de forma liñal, tendo en conta o límite da contía máxima da axuda ou, de ser inferior, o da contía solicitada pola entidade.

NOVENA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES.

O procedemento para a concesión destas subvencions será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na Base Décimo primeira, será de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencions (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencions, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

As entidades que concorren a esta convocatoria deberán presentar unha única solicitude asinada pola/o representante legal da entidade peticionaria.

A solicitude, segundo modelo normalizado (Anexo I), presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por algún dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) e dirixida ao Sr. Alcalde. A mera presentación da solicitude suporá que as entidades solicitantes coñecen e aceptan as presentes bases da convocatoria.

Xunto coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

1.- Certificado das competicións e categorías nas que participan os equipos con licencias femininas ou as deportistas individuais na tempada de referencia. (Anexo II-A ou Anexo II- B)

2.- Orzamento equilibrado de ingresos e gastos (Anexo III)

3.- Declaración responsable (Anexo IV)

4.- Certificado emitido pola Federación da modalidade no que conste o número de licenzas por categoría e sexo, da tempada 2016/2017, ou do ano 2017 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

5.- Copia compulsada da acta de constitución da actual xunta directiva.

6.- Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.

7.- Certificado da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante expedido cunha antigüidade inferior a seis meses.

8.- Copia do DNI da/o presidenta/e da entidade.

9.- Proxecto das actividades que realiza a entidade na tempada de referencia, facendo especial fincapé nos aspectos cuantitativos e cualitativos da promoción do deporte feminino (competicións nas que participa cada un dos equipos da entidade con licencias femininas ou, no seu caso, as deportistas individuais, número de equipos por categoría e sexo, logros acadados, valoración sobre o impacto de xénero na súa modalidade deportiva, etc).

DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da LPACAP, se a documentación achegada fose incompleta ou non reunise os requisitos esixidos na presente convocatoria, a solicitante será requirida para que complete a documentación ou corrixa a deficiencia no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa solicitude, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPACAP.

DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

1.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei Xeral de Subvencións, conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno publicaranse en:

- As Bases reguladoras, no BOP da provincia, no portal de transparencia e na paxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

- A Convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na paxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

- A BDNS publicará o extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse na Oficina de Información do Concello de Vigo e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org e da Concellería de Igualdade www.igualdadevigo.org

2.-Publicidade das subvencións concedidas.

As subvencións concedidas remitiranse ao portal de transparencia do concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa, e crédito presupostario ao que se imputan, beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade da subvencións con expresión dos distintos proxectos subvencionados.

3.-Publicidade do financiamento público.

As entidades beneficiarias das subvencións deben deixar constancia do financiamento municipal en todas as comunicacións e en calquera actividade enmarcada no programa subvencionado coa inclusión da imaxe corporativa oficial do Concello de Vigo (equipamento, web e redes sociais, publicidade, etc)

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

A Concellería de Igualdade será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei xeral de subvencións.

De conformidade co disposto na base sétima a Comisión de Valoración avaliará as solicitudes de subvención para cada un dos programas presentados. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade, que actuará como presidenta, unha técnica de igualdade e a xefa do servizo de Igualdade que ademais actuará como secretaria.

O órgano instructor do procedemento poderá solicitar á Concellería de Deportes canta información e documentación teña este servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento e valoración dos proxectos e entidades presentadas a esta convocatoria.

A Concellería de Igualdade, como órgano instructor, formulará a proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas. (artigo 21.4 parágrafo 6 da lei de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de catro meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, e a súa resolución notificaráselles ás solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data,

de acordo co previsto no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP). Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, poderá substituírse dita notificación pola publicación na páxina web (www.vigo.org) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, conforme ao art. 45.1.b) da Lei 39/2015 da LPACAP.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima ás interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPACAP.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse potestativamente, recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses.

En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación, ou de desestimación do recurso de reposición.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo máximo de 10 días, a contar a partir do día seguinte ao da notificación, a comunicarlle por escrito á Concellería de Igualdade a aceptación ou renuncia das axudas. A falta de manifestación expresa entenderase aceptada.

A beneficiaria, poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPACAP.

DÉCIMO QUINTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS.

1.-Prazo de xustificación: as beneficiarias das subvencións deberán xustificar como data límite o 31 de outubro de 2017 (incluído) o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá á entidade beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá á beneficiaria das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

De non presentar a xustificación no prazo adicional perderase o dereito a percibir a subvención.

2.- Cantidade a xustificar

A entidade beneficiaria terá que presentar facturas orixinais equivalentes ao importe da axuda concedida e copias de facturas polo resto do orzamento do proxecto presentado. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto no subvencionado pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Terase en conta como importe xustificativo a Base imponible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da Axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE.

3.- Sistema e documentos necesarios para a xustificación: mediante a presentación a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por algún dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) da rendición de conta xustificativa que comprende a seguinte documentación:

a) Anexo V: Solicitud de pago e certificación.

Coa sinatura deste modelo acredítase, entre outros, os seguintes extremos:

- Percepción doutras axudas ou subvencións para o proxecto subvencionado.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada co obxecto de promover o deporte feminino.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e coa Seguridade Social e declarar se a entidade está exenta ou non do IVE (no caso de estar exenta deberá aportar certificación da Axencia Tributaria que o indique).

b) Anexo VI: Balance económico do proxecto.

Consiste nunha relación detallada de todos os ingresos percibidos ou concedidos para a actividade obxecto da subvención, así como de todos os gastos realizados no período da tempada de referencia.

c) Anexo VII: Xustificación do gasto do proxecto correspondente ao importe da axuda concedida.

Consiste nunha relación clasificada das facturas que achega a entidade para xustificar o importe da contía da axuda concedida, con identificación do/a acredor/a e do documento, o seu importe, e data de emisión.

d) Facturas orixinais, ordenadas e numeradas seguindo a orde da clasificación do Anexo VI polo importe total da subvención outorgada. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. As ditas facturas serán orixinais e deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

- Número e no seu caso serie.
- Nome e apelidos ou denominación fiscal.
- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)
- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
- Lugar e data de emisión.

- Nas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que se xustifique se está exenta de IVE; as facturas emitidas por profesionais levarán a pertinente retención do IRPF.

e) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos subvencionados na tempada de referencia facendo especial fincapé nos aspectos cuantitativos e cualitativos da promoción do deporte feminino (competicións nas que participa cada un dos equipos da entidade con licencias femininas, ou no seu caso, as deportistas individuais, os resultados, o ámbito e o nivel acadado nas competicións, material gráfico impreso..., valoración sobre o impacto de xénero na súa modalidade deportiva, facendo fincapé nas actividades e logros realizados por mulleres e posibles necesidades detectadas).

f) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo concello, en relación coa xustificación da subvención.

4.- Información complementaria:

Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013.

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o selado (art. 73 do R.d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando nela o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida, indicando neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará ao expediente copia do xustificante orixinal selado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal. Para isto, será preciso que a beneficiaria solicite por escrito, xunto a presentación da documentación xustificativa a devolución do orixinal presentado.

Atendendo á especificidade de actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán xustificarse a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento das xogadoras e persoal técnico, etc) emitidos polas Federacións ou pola propia entidade deportiva que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base á eficacia do mesmo.

En relación á xustificación do pagamento de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por eses conceptos; sempre e cando este importe non fose tido en conta para xustificar a subvención concedida na convocatoria específica de subvencións do ano 2017 da Concellería de Deportes deste Concello. O servizo de Igualdade solicitará información ao respecto ao servizo de Deportes.

Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou relacionadas á universidade a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas

as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

En xeral os documentos xustificativos deberán corresponderse con gastos relacionados de forma directa á tempada 2016/2017 ou do ano 2017 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anualao exercicio 2017, e non terá por que constar constar de forma expresa se foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinado nesta convocatoria.

Deberase ter en conta o establecido na base Segunda desta convocatoria respecto dos gastos que teñen a condición de subvencionables e non subvencionables.

DÉCIMO SEXTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto no que fará constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes para considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DECIMO SÉTIMA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO OITAVA.- PAGAMENTO.

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez remate o programa obxecto da subvención e sexa debidamente xustificado.

Procederase ao pagamento parcial ou redución proporcional do importe nos seguintes casos:

- Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe do orzamento do proxecto presentado pola entidade beneficiaria na súa solicitude de subvención. A axuda será entón minorada na mesma proporción.*
- Pola obtención de maior ingresos ou financiamento do previsto no proxecto.*
- Polo incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria.*

As subvencións serán compatibles con calquera tipo de axuda concedida por diferentes administracións ou entes públicos ou privados. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención, concorrente das subvencións por outras administracións, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que ao tratarse dunha subvención, os ingresos non poden ser superiores aos gastos.

A resolución-liquidación da axuda, co aboamento do pagamento parcial ou proporcional correspondente, será competencia da concelleira delegada de igualdade.

Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser deudora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do art.31.7. e da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DÉCIMO NOVENA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCÍONS.

1.-Perda do dereito á cobranza

Dará lugar á perda do dereito á cobranza da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pagamento único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito á cobranza, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao concello efectuarase no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Reintegraranse as cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as entidades beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

VIXÉSIMA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos das solicitantes e os das súas representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia co fin de concluír o proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A Concellería de Igualdade do Concello de Vigo será a responsable do seu tratamento.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 15/2014 de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2017, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

ANEXO

CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2016/2017. EXPTE 7636/224

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto desta convocatoria responde á finalidade de promover o deporte feminino a través do apoio económico ás entidades deportivas da cidade de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres na competición das distintas disciplinas deportivas (equipos e/ou individuais). Este apoio materializarase en contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento destes clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas do municipio de Vigo, durante a tempada deportiva 2016/2017, ou do ano 2017 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indudábel correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta, así como os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas dos equipos con licencias femininas.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán consideración de gastos subvencionables os seguintes: pagamento de licencias federativas femininas, viaxes, aloxamentos e comidas (concreción de menús), arbitrxes, adestradoras/es, alugueiro de instalacións deportivas, gastos telefónicos, compras de material deportivo, etc. En xeral serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva que garden relación directa coa actividade deportiva das xogadoras ao longo da tempada 2016/17, ou do ano 2017 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

Non se valorará como gasto subvencionable o uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo cando ese importe fose tido en conta para xustificar a subvención concedida na convocatoria específica de subvencións do ano 2017 da Concellería de Deportes des-

te Concello. O servizo de Igualdade solicitará información ao respecto ao servizo de Deportes.

Quedan excluídos como gastos subvencionables os seguintes: a adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, espectáculos, adquisición de patrimonio e/ou investimento e calquera outro gasto que non sexa necesario para a consecución da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estes de 18.000,00€, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

A tempada 2016/2017 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos recabados das respectivas federacións, e a data de inscrición dos equipos ou das deportistas individuais. A tal efecto, o servizo de Igualdade, no informe que se xuntará documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma. O órgano instructor do procedemento poderá solicitar á Concellería de Deportes canta información e documentación teña este servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento e valoración dos proxectos e entidades presentadas a esta convocatoria.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 27.000,00 euros (vinte e sete mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria para o exercicio de 2017: 2311 4890000 "Promoción da igualdade e do deporte feminino" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA. - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS.

1. Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que reúnan os seguintes requisitos :

- a) Teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Teñan personalidade xurídica propia e carezan de ánimo de lucro.
- c) Se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.
- d) Cumpran cos demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.
- e) Que contén cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2016-2017, ou do ano 2017 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

2. Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais

- Os clubs que por calquera causa se retiraran da competición oficial durante algunha das tempadas 2015-2016 ou 2016-2017. (no caso de modalidades cuxa tempada deportiva fose anual terase en consideración para aplicar esta exclusión as anualidades: 2016 e 2017).

3. As entidades deberán estar integradas en competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de club ou equipo profesional.

4.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes entregarán unha declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

5.- Na fase de proposta de resolución as solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións. Existe a posibilidade de acreditar simplificadaamente estas circunstancias, nos supostos indicados no artigo 24 do citado RD 887/2006, en particular o parágrafo cuarto para aquelas subvencións nas que o importe das cales non supere a contía de 3.000€, como é o caso desta convocatoria.

6.- Igualmente as solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas para co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o/a solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo ós departamentos administrativos responsables.

QUINTA.- PROCEDEMENTO DA CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

SEXTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na Base Décimo primeira, será de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo

SÉTIMA.- BASES REGULADORAS.

As Bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

OITAVA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

A Concellería de Igualdade será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei xeral de subvencións.

De conformidade co disposto na base sétima a Comisión de Valoración avaliará as solicitudes de subvención para cada un dos programas presentados. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade, que actuará como presidenta, unha técnica de igualdade e a xefa do servizo de Igualdade que ademais actuará como secretaria.

A Concellería de Igualdade, como órgano instructor, formulará a proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de catro meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, e a súa resolución notificaráselles ás solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos como data límite o 31 de outubro de 2017.

DÉCIMA.- PAGAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez remate o programa obxecto da subvención e sexa debidamente xustificado.

Procederase ao pagamento parcial ou redución proporcional do importe nos seguintes casos:

- Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe do orzamento do proxecto presentado pola entidade beneficiaria na súa solicitude de subvención. A axuda será entón minorada na mesma proporción.*
- Pola obtención de maior ingresos ou financiamento do previsto no proxecto.*
- Polo incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria.*

EXTRACTO da Convocatoria específica para o desenvolvemento do programa de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2016/2017. Expte 7636/224

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8 a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións(<http://www.pap.minhap.bob.es/dbnstrans/index>)”:

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto desta convocatoria responde á finalidade de promover o deporte feminino a través do apoio económico ás entidades deportivas da cidade de Vigo que fomenten a partici-

pación e promoción das nenas e mulleres na competición das distintas disciplinas deportivas (equipos e/ou individuais). Este apoio materializarase en contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento destes clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas do municipio de Vigo, durante a tempada deportiva 2016/2017, ou do ano 2017 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indudábel correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta, así como os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas dos equipos con licencias femininas.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán consideración de gastos subvencionables os seguintes: pagamento de licencias federativas femininas, viaxes, aloxamentos e comidas (concreción de menús), arbitaxes, adestradoras/es, alugueiro de instalacións deportivas, gastos telefónicos, compras de material deportivo, etc. En xeral serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva que garden relación directa coa actividade deportiva das xogadoras ao longo da tempada 2016/17, ou do ano 2017 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 27.000,00 euros (vinte e sete mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria para o exercicio de 2017: 2311 4890000 "Promoción da igualdade e do deporte feminino" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade. P

CUARTA.- BENEFICIARIAS.

Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo, teñan personalidade xurídica propia e carezan de ánimo de lucro, contendo cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2016-2017, ou do ano 2017 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual e cumpran os demais requisitos que establecen as bases e convocatoria

QUINTA.- PROCEDIMENTO DA CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

SEXTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na Base Décimo primeira, será de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia,

SÉTIMA.- BASES REGULADORAS.

As Bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos como data límite o 31 de outubro de 2017.

8(603).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIÓN COMARCAL DE COMISIÓNS OBREIRAS (CC.OO) DE VIGO PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ACTIVIDADES DA ENTIDADE E GASTOS DE MANTEMENTO NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO. EXPTE. 7583/320.

Visto o informe xurídico do 31/05/17 e o informe de fiscalización do 14/06/17, dáse conta do informe-proposta do 19/06/17, asinado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 12/05/2017, D^a Amelia Pérez Álvarez, en representación da Unión Comarcal de CC.OO de Vigo (CIF: G-15103112), achegou solicitude (doc. 170067958), para a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Vigo (Participación Cidadá), destinado ao financiamento dos gastos das actividades da entidade para ano 2017, así como, de mantemento, directamente relacionados con aquelas, necesarios para o seu desenvolvemento realizados entre xaneiro e outubro, mediante unha achega económica de 15.000 €.

Segundo certificación da Secretaria da entidade beneficiaria, de data 14/03/17, a Comisión Executiva da Unión Comarcal de CC.OO de Vigo, acordou nomear a D^a Amelia Pérez Álvarez (DNI: 78734833-Z) como persoa responsable da sinatura do convenio.

Con data 31/05/2017, o Secretario da Administración Municipal emitiu informe xurídico favorable á proposta de convenio.

Asemade, examinado o expediente polo departamento de Intervención, o 14/06/2017 formula unha observación:

“Lembrar que de acordo co disposto no pacto primeiro a entidade beneficiaria con carácter previo á sinatura do contrato debe presentar póliza do contrato de seguro de responsabilidade civil así como recibo que acredite a súa vixencia”.

Con data 15/06/2017, a Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO.) de Vigo, achega copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e o recibo que acredita a vixencia do seguro, quedando así emendada a observación feita polo servizo de intervención.

Por último, o técnico, que subscribe da traslado, para o seu coñecemento, das conclusións expostas polo servizo de Intervención no seu informe, en relación co carácter excepcional desta forma de concesión de subvención.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

COMPETENCIA MUNICIPAL

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administración de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais no deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non conteno financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaría e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadjuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes: 1085/320 (1999-2003), 2306/320 (2004/06), 3197/320 (2007), 3394/320 (2008), 4354/320 (2009), 4693/320 (2010), 5213/320 (2011), 5861/320 (2012), 6105/320 (2013), 6595/320 (2014) e 7137/320 (2015) e 7384 /320 no ano 2016.

RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerase polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 19 de xuño de 2015, que no seu apartado 1.3º, dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ó fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados”.

Ademais, en virtude do disposto no apartado 4.18º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015 se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos convenios de colaboración que deban subscribirse con entidades privadas, e que teñan por obxecto a concesión dunha subvención municipal que financie en parte unha iniciativa, proxecto ou actividade de interese público municipal que complemente os servizos municipais. Finalmente, o convenio será asinado polo Alcalde ou concelleiro en quen delegue, en representación do Concello de Vigo.

MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2017) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 27/12/2016, inclúe expresamente a partida 9240 4800005 “Convenio CC.OO.”, cunha dotación de 15.000,00 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

A beneficiaria figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co núm. 487/96, segundo Decreto de Alcaldía de data 30/06/96.

OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto do convenio e o fomento das actividades programados pola entidade para o ano 2016, en concreto, as realizadas entre o 01/01/16 e o 31/10/16, mediante a colaboración no financiamento dos gastos xerados por aquelas, así como, de mantemento, directamente re-

lacionados, necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público, social e económico.

Segundo contempla o art. 1 dos Estatutos de S.N. de CC.OO de Galicia, a Unión Comarcal de CC.OO de Vigo, asume, entre os seus principios e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender das reivindicacións dos/as traballadores/as, sen discriminación*
- ✓ Impulsar e desenvolver a igualdade de oportunidades, así como, combater a discriminación que, por razón de sexo, se produza*
- ✓ Desenvolver accións positivas nas relacións laborais e condicións de traballo, así como, na consecución dunha representación equilibrada de homes e mulleres en todos os niveis*
- ✓ Reivindicar a mellora das condicións de vida e de traballo de todos/as os/as traballadores/as*
- ✓ Defender, especialmente, as reivindicacións das mulleres, da xuventude, das persoas maiores, da saúde laboral, do medio ambiente o do pacifismo, co fin de eliminar calquera discriminación baseada no sexo, na idade, a raza, a orixe étnica e as conviccións políticas e relixiosas, así como, por calquera outra circunstancia persoal ou social*
- ✓ Apoiar as reivindicacións específicas das persoas emigrantes e dos/as traballadores/as estranxeiros que traballan en Galicia*
- ✓ Orientar a súa actividade ao exercicio efectivo do dereito dos traballadores a un emprego estable, á plena protección social, á mellora das condicións de traballo e emprego da poboación activa, á solidariedade internacional entre traballadores, á integración social e laboral, en especial, dos colectivos suxeitos a condicións de exclusión, á mellora das condicións de vida e a promoción sociocultural, á consecución da igualdade de trato e oportunidades entre homes e mulleres, (...)*

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a asociación, nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

O vixente exercicio presupostario (2017) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2016, inclúe expresamente a partida 9240 4800005 "Convenio CC.OO.", cunha dotación de 15.000,00 €.

DOCUMENTACIÓN

A Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- 1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:*

- *Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 9/02/17*
- *Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 30/01/17*
- *Seguridade Social, de data 30/01/17*
- *Concello de Vigo, de data 7/04/17*

2. *Declaración responsable da presidenta da entidade, de data 15/03/16, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro.*

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. *Solicitud expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio e nomeamento da persoa responsable da sinatura do convenio (anexo I).*
2. *Declaración responsable e autorización (anexo II).*
3. *Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo III).*
4. *Certificación bancaria do número de conta da entidade ou asociación.*
5. *Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio.*
6. *Orzamento dos gastos de mantemento que serven de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:*

<i>ACTIVIDADES E ORZAMENTO GASTOS 2017 (XANEIRO-OUTUBRO)</i>		
<i>Salarios</i>		<i>12.744,88 €</i>
<i>Cota Patronal</i>		<i>3.445,96 €</i>
<i>Material oficina</i>		<i>300,00 €</i>
<i>Xornadas</i>	<i>Industria 4.0 – Robotización - Dixitalización</i>	<i>670,88 €</i>
	<i>A saúde laboral no centro de traballo</i>	<i>670,88 €</i>
	<i>Sindicato 4.0 - Comunicación</i>	<i>670,88 €</i>
<i>TOTAL</i>		<i>18.503,48 €</i>

ANTICIPO

Non se contempla a posibilidade de anticipo.

PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio desprega a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 31 de outubro de 2017, son gastos subvencionables aqueles que se realicen

entre o 1/01/17 e o 31/10/17, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o 3 de novembro de 2017.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A conta xustificativa presentarse en calquera dos lugares previstos no art. 16 da Lei 39/2015, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES72 2080 5040 5330 4001 1880 (ABANCA), segundo código de conta cliente de data 1/03/2017, emitido pola entidade bancaria.

NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28

de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 35/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18 da Resolución de delegacións do Alcalde de data 19/06/15, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4800005, denominada "Convenio CC.OO.", incluída no vixente orzamento municipal, a favor do sindicato Unión Comarcal de Comisións Obreiras CC.OO de Vigo.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo (CIF.- G-15103112), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas e realizadas pola entidade para o ano 2017, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos que xerados por aquelas, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ambos os dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL DE COMISSIONS OBREIRAS (CC.OO) DE VIGO, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2017, ASÍ COMO, DO MANTEMENTO, DIRECTAMENTE RELACIONADOS, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezasete

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a Amelia Pérez Álvarez con DNI 78734833-Z, en calidade de Secretaria de Organización da Unión Comarcal de Comiçons Obreiras (CC.OO) de Vigo, con CIF: G-15103112 e domicilio social na Rúa As Teixugueiras, 11- entresollado, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 7583/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, unións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, laborais, informativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, recoñécelle á cidadanía o dereito constitucional a fundar sindicatos e afiliarse ao da súa elección, así como, aos sindicatos de traballadores e asociacións empresariais o de contribuír á defensa e promoción dos intereses económicos e

sociais que lles son propios, nun Estado Social e Democrático de dereito, no que a participación sindical se considera fundamental.

III.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de políticas sociais de emprego, integración e orientación laboral e de defensa do dereito fundamental ao traballo, no marco do Estado social e democrático de Dereito, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, informativos e formativos ou de integración, así como, a promoción e organización de accións encamiñadas á representación e defensa dos dereitos dos traballadores e a reivindicación de políticas de pleno emprego, sendo a Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

IV.- Que a entidade Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo, de conformidade coa “definición de principios” e art. 1 dos Estatutos de S.N. de CC.OO de Galicia, asume, entre os seus principios e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender das reivindicacións dos/as traballadores/as, sen discriminación
- ✓ Impulsar e desenvolver a igualdade de oportunidades, así como, combater a discriminación que, por razón de sexo, se produza
- ✓ Desenvolver accións positivas nas relacións laborais e condicións de traballo, así como, na consecución dunha representación equilibrada de homes e mulleres en todos os niveis
- ✓ Reivindicar a mellora das condicións de vida e de traballo de todos/as os/as traballadores/as
- ✓ Defender, especialmente, as reivindicacións das mulleres, da xuventude, das persoas maiores, da saúde laboral, do medio ambiente o do pacifismo, co fin de eliminar calquera discriminación baseada no sexo, na idade, a raza, a orixe étnica e as conviccións políticas e relixiosas, así como, por calquera outra circunstancia persoal ou social
- ✓ Apoiar as reivindicacións específicas das persoas emigrantes e dos/as traballadores/as estranxeiros que traballan en Galicia
- ✓ Orientar a súa actividade ao exercicio efectivo do dereito dos traballadores a un emprego estable, á plena protección social, á mellora das condicións de traballo e emprego da poboación activa, á solidariedade internacional entre traballadores, á integración social e laboral, en especial, dos colectivos suxeitos a condicións de exclusión, á mellora das condicións de vida e a promoción sociocultural, á consecución da igualdade de trato e oportunidades entre homes e mulleres, (...)

V.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 30/09/96, a Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 487/96.

VI.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo leve a cabo os seus proxectos planificados para o ano 2017, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando

economicamente ao financiamento dos gastos xerados polas súas actividades, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.

VII.- As actividades programadas pola Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo para o 2017, que fundamentan a concesión da subvención son, con carácter xeral, segundo proxecto e orzamento incorporado ao expediente:

<i>ACTIVIDADES E ORZAMENTO GASTOS 2017 (XANEIRO-OUTUBRO)</i>		
<i>Salarios</i>	<i>12.744,88 €</i>	
<i>Cota Patronal</i>	<i>3.445,96 €</i>	
<i>Material oficina</i>	<i>300,00 €</i>	
<i>Xornadas</i>	<i>Industria 4.0 – Robotización - Dixitalización</i>	<i>670,88 €</i>
	<i>A saúde laboral no centro de traballo</i>	<i>670,88 €</i>
	<i>Sindicato 4.0 - Comunicación</i>	<i>670,88 €</i>
<i>TOTAL</i>	<i>18.503,48 €</i>	

VIII.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal (2017), a partida orzamentaria nº 9240.4800005, denominada “Convenio Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo” nominativa a favor da entidade, cunha consignación presupostaria de 15.000,00 €.

IX.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades para o ano 2017, mediante a colaboración no financiamento dos gastos xerados polas mesmas, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.

X.- Que a entidade Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo non incorre en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

XI.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social e económico que, para a cidade de Vigo, representan as actividades que desenvolve a entidade Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo, o Concello de Vigo e a devandita entidade conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocomunitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo comprométese a colaborar coa concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. *Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.*
2. *Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.*
3. *Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
4. *Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
5. *Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.*
6. *As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.*
7. *Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio.*
8. *Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*
9. *Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.*
10. *Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. *Conceder directamente á entidade Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800005, denominada “Convenio Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo”, do vixente orzamento municipal (2017), co obxecto de colaborar ao financiamento dos gastos xerados polas actividades da entidade para o ano 2017, así como, de mantemento, directamente relacionados con aquelas, necesarios para o seu desenvolvemento, en definitiva, para o fomento das súas actividades.*
2. *Respectar a estrutura organizativa da Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo.*
3. *Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.*

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. *Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.*
2. *Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.*
3. *Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.*
4. *Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.*

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, última modificación 20 de maio de 2016.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao

respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, con carácter permanente durante a vixencia do convenio, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades do sindicato para o 2017.

Oitavo- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 3 de novembro de 2017.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) *Solicitud de abono da subvención.*

b) *Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.*
- 2. Datas e lugar de celebración.*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
- 5. Actuacións realizadas.*
- 6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- 7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.*
- 8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
- 9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.*

c) *Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.*

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi

obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos.
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas

físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE*
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención*
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento.*

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en cada unha das actividades para cuxa

realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Noveno.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente co código IBAN ES72 2080 5040 5330 4001 1880 (ABANCA).

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2017, no período comprendido entre o 1/01/17 e o 31/10/17.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais

actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Décimo noveno.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2017, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2017.

9(604).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO “AGARIMO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUEIRO DO LOCAL SOCIAL. EXPTE. 7555/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2/06/17 e o informe de fiscalización do 15/06/17, dáse conta do informe-proposta do 1/06/17, asinado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, e o concelleiro delegado de Participación Cidadá, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 26/01/2017, D^a Ana María Gil Lodeiro, en calidade de presidenta da Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" (CIF: G-36821817), achegou, a través do documento co núm. 170010468 de entrada no Rexistro Xeral, a solicitude de celebración dun convenio de colaboración co Concello de

Vigo, para o financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade para o 2017, en concreto, para as levadas a cabo entre o 01/01/2017 e o 31/10/2017.

Segundo certificación da secretaria da entidade, de data 17/01/17, e conforme ao art. 30.2 dos seus estatutos, será a presidenta, Dona Ana María Gil Lodeiro a persoa responsable de “representar á asociación perante calquera organismo público ou privado”, polo tanto para a sinatura do convenio.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

COMPETENCIA MUNICIPAL

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administración de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais no deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores*.

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes:

1. Ano 2016: Expte. Núm. 7555/320
2. Ano 2015: Expte. Núm. 6975/320
3. Ano 2014: Expte. Núm. 6576/320
4. Ano 2013: Expte. Núm. 6044/320
5. Ano 2012: Expte. Núm. 5767/320
6. Ano 2011: Expte. Núm. 5142/320
7. Ano 2010: Expte. Núm. 4622/320
8. Ano 2009: Expte. Núm. 3977/320
9. Ano 2008: Expte. Núm. 3464/320

RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerase polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ao fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como á resolución dos procedementos incoados”. Por último, en virtude do disposto no apartado 4.17º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015, se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases específicas reguladoras da concesión de calquera tipo de subvención ou axuda municipal destinada ao fomento das actividades de utilidade pública ou interese social, así como a proposta de resolución dos expedientes incoados.

MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2017) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2016, inclúe expresamente a partida 9240 4890006 “Convenio Asociación Agarimo”, cunha dotación de 13.000,00 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo", figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 519/97, segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97.

OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo as actividades sociocomunitarias, sociosanitarias, culturais e formativas, programadas pola entidade para o período comprendido entre o 01/01/17 e o 31/10/17, en definitiva, para o fomento das súas actividades.

Segundo recolle os arts. 3 e 4 dos Estatutos da Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo", entre os fins e actividades da entidade, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- Fomentar o asociacionismo das persoas.
- Impulsar e defender os intereses das amas de casa e dos consumidores en xeral, para a súa defensa.
- Representar aos/as asociados/as ante organismos oficiais ou privados, en defensa dos seus intereses.
- Estudar os problemas que poidan xurdir dentro do seu ámbito de actuación, abrindo os canles necesarios para as posibles solucións dos mesmos.
- Organizar, dentro das súas posibilidades, cantos servizos de asistencia, asesoramento e formación requiran os seus membros.
- Organizar conferencias, coloquios, cursos e outras actividades afíns.
- Difundir as publicacións que sobre os temas da asociación se publiquen polos distintos organismos, etc.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

O vixente exercicio presupostario (2017) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2016, inclúe expresamente a partida 9240 4890006 "Convenio Asociación Agarimo", cunha dotación de 13.000,00 €.

DOCUMENTACIÓN

A Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 03/05/17
 - Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 09/05/17
 - Seguridade Social, de data 09/05/17
 - Concello de Vigo, de data 07/04/17
2. Declaración responsable da presidenta da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Acordo da Xunta Directiva, para solicitar a renovación do convenio.
2. Acordo da Xunta Directiva, nomeando a responsable da sinatura do convenio.
3. Solicitude expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio e nomeamento da persoa responsable da sinatura do convenio (anexo I).
4. Declaración responsable de cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social e de non estar incurso en incompatibilidade (anexo II).
5. Declaración doutras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo III).
6. Certificación bancaria do número de conta da entidade ou asociación.
7. Contrato de aluguer do local social (*só no suposto de locais alugados*).
8. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
 - a) Fundamentación, obxectivos e metas
 - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización, participantes asistentes
 - c) Lugar de realización
 - d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
 - e) Recursos humanos e materiais
 - f) Sistemas de avaliación, etc.
9. Proxecto de actividades da entidade para o ano 2017, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos de aluguer e mantemento do seu local social, realizados entre os meses de xaneiro a outubro (ámbolos dous incluídos). O orzamento de gastos de mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (01/01/17-31/10/17)	
Aluguer local	12.900,00 €
Subministros auga e enerxía eléctrica	730,00 €
TOTAL	13.630,00 €

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

ANTICIPO

Atendendo ao disposto na Base da execución do presuposto nº 38.7, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando houberen solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio desprega a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 31 de outubro de 2017, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/01/17 e o 31/10/17, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o 3 de novembro de 2017.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A conta xustificativa presentarase en calquera dos lugares previstos no art. 16 da Lei 39/2015, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES 55 2080 0552 013040004976 (ABANCA), segundo código de conta cliente de data 09/05/2017, emitido pola entidade bancaria.

NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos presuposto.

RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art.

46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 20.2 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18º da Resolución de delegacións do alcalde de data 19/06/2015, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR o gasto por importe de 13.000 € (trece mil euros), con cargo á partida presupostaria nominativa nº 9240.4890006, denominada “*Convenio Asociación Agarimo*”, incluída no vixente orzamento municipal.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” (CIF.- G-36821817), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o período comprendido entre o 01/01/17 e o 31/10/17, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONDECER á referida entidade, unha subvención de 13.000 € (trece mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO “AGARIMO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER, NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA ANO 2017

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezasete

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a Ana Gil Lodeiro, con DNI 35984887F, en calidade de Presidenta da "Asociación de Amas de Casa e Consumo - Agarimo" (CIF: 36821817), con domicilio social na Rúa San Xosé, 22- baixo (esquina Travesía de Vigo, 46), de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 7555/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis

significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da educación sanitaria dos consumidores e empresarios en materia de consumo e de hixiene alimentaria, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a educación e formación no ámbito do consumo do termo municipal, sendo a Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" unha das máis importantes asociacións de consumidores e usuarios de Vigo.

III.- Que a entidade "Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo", de conformidade cos arts. 3 e 4 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Fomentar o asociacionismo das persoas.
- ✓ Impulsar e defender os intereses das amas de casa e dos consumidores en xeral, par a súa defensa.

- ✓ Representar aos/as asociados/as ante organismos oficiais ou privados, en defensa dos seus intereses.
- ✓ Estudar os problemas que poidan xurdir dentro do seu ámbito de actuación, abrindo os canles necesarios para as posibles solucións dos mesmos.
- ✓ Organizar, dentro das súas posibilidades, cantos servizos de asistencia, asesoramento e formación requiran os seus membros.
- ✓ Organizar conferencias, coloquios, cursos e outras actividades afíns.
- ✓ Difundir as publicacións que sobre os temas da asociación se publiquen polos distintos organismos, etc.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a "Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 519/97.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias, culturais e formativas planificadas para o ano 2017, en particular, as realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2017, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4890006, denominada "Convenio Asociación Agarimo", nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 13.000 €.

VII.- As actividades programadas pola Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" para o 2017, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social da entidade, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

- Charlas/coloquios/conferencias informativas sobre diferentes temas: "Testamentos Herdanzas e Cláusula solo" e Seguridade Vial.
- Celebración do Día Internacional da Muller coa charla-coloquio "Mulleres Galegas na Historia".
- Actuacións da coral da asociación ao longo do ano 2017.
- Participación da coral no 11º festival de "Habaneiras" e no Festival de ACOPOVI (IFEVI) e no "Mar de Corais".
- Representacións diversas do grupo de teatro da asociación.
- Visita/excursións: Braga-Portugal, En Ruta coa Depo, París e Oeste de Francia, Lalín (Casa Museo Patrón), A Coruña, Illas Cíes
- Cursos: teatro, ximnasia de mantemento, bailes de salón, pilates, avellentamento activo, adestramento da memoria, manualidades, encaixe de bolillos, tapicería e patchwork, risoterapia e manualidades de pintura.
- Entroido- baile disfraces.
- Xantar de convivencia.

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2017, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (01/01/17-31/10/17)	
Aluguer local	12.900,00 €
Subministrados auga e enerxía eléctrica	730,00 €
TOTAL	13.630,00 €

IX.- Que a entidade Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario e sociosanitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade "Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo" comprométese a colaborar coa concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto á correspondente memoria

económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.

6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar tanta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo" unha subvención por importe de 13.000 € (trece mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890006, denominada "Convenio Asociación Agarimo", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento e aluguer do local da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade entre o 01/01/17 e o 31/10/17, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da "Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo".

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta

comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42.2.d) e ss. do RD 887/06, neste caso, se exonera á Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo da obriga de constitución de garantías, dado o carácter social do proxecto subvencionado, e a natureza de entidade non lucrativa da beneficiaria.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación do 2017.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación de Amas

de Casa e Consumo “Agarimo” mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 3 de novembro de 2017.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) *Solicitud de abono da subvención.*

b) *Memoria descriptiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

1. *Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.*
2. *Datas e lugar de celebración.*
3. *Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
4. *Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso e número total de participantes.*
5. *Actuacións realizadas.*
6. *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
7. *No seu caso, memoria de prensa e comunicación.*
8. *No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
9. *Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.*

c) *Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun “x” diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.*

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) *Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:*

- *os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para*

posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención

- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos*
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención*
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos*
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...*
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor*
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)*
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria*
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención*
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente*
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo receptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo*
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención*
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE*
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención*

- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES55 2080 0552 01 3040004976 (ABANCA).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo segundo- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2017, no período comprendido entre o 01/01/17 e o 31/10/17.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo

responsable do seu tratamento a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2017, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2017.

10(605).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO” PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE. EXPTE. 7577/320.

Visto o informe xurídico do 26/05/17 e o informe de fiscalización do 12/06/17, dáse conta do informe-proposta de data 25/05/17, asinado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, e o concelleiro-delegado de Participación Cidadá, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 25/04/2017, D. Camilo Pais Martínez (DNI: 35995159K), en calidade de Presidente da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF: G-36704666), achegou a documentación precisa para a formalización do convenio de colaboración entre o Concello e a referida entidade, cuxo obxecto é contribuír aos gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación entre os meses de xaneiro a outubro de 2017.

Segundo certificacións do secretario da federación de data 20/04/2017, D. Camilo Pais Martínez, en virtude do art. 20 dos Estatutos da federación, ostenta o cargo de presidente e, polo tanto, lle corresponde a representación legal da entidade, estando facultado, pola Xunta Directiva e polos propios estatutos, para asinar o convenio de colaboración co concello de Vigo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

COMPETENCIA MUNICIPAL

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administración de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non conteno financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores*.

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes:

- Ano 2016: expte. 7349/320
- Ano 2015: expte. 6988/320
- Ano 2014: expte. 6573/320
- Ano 2013: expte. 6104/320
- Ano 2012: expte. 5760/320
- Ano 2011: expte. 5212/320
- Ano 2010: expte. 4632/320
- Ano 2009: expte. 4093/320
- Ano 2008: expte. 3442/320

RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das

subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexeráse polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ao fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados”.

Ademais, en virtude do disposto no apartado 4.17º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015, se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases específicas reguladoras da concesión de calquera tipo de subvención ou axuda municipal destinada ao fomento das actividades de utilidade pública ou interese social, así como a proposta de resolución dos expedientes incoados.

MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2017) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2016, inclúe expresamente a partida 9240 4890001 “Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo”, cunha dotación de 15.000,00 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a "Federación de Peñas Recreativas El Olivo", figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 143/90, segundo resolución da Alcaldía de data 24/04/1990.

OBJECTO DA SUBVENCIÓN

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" para subvencionar os gastos derivados da organización, promoción e execución das súas actividades programadas entre os meses de xaneiro a outubro de 2017, para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá.

Deste xeito, os arts. 2 e 3 dos Estatutos da Federación, contempla entre os fins e actividades que constitúen o seu obxecto social e cuxa realización se subvenciona co presente convenio, encóntranse:

- A estimulación e o desenvolvemento do deporte.
- O fomento e a estimulación da cultura e o arte.
- A organización e desenvolvemento de eventos recreativos.
- O apoio a iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo.
- Outras: organización de equipos deportivos, programación de xogos, excursións, torneos e outros eventos recreativos, organización de conferencias, actos culturais, veladas artístico-musicais...

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

O vixente exercicio presupostario (2017) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2016, inclúe expresamente a partida nº 9240 4890001, denominada "*Convenio Federación de Peñas Recreativas El Olivo*", cunha dotación orzamentaria de 15.000 €.

DOCUMENTACIÓN

A "Federación de Peñas Recreativas El Olivo", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 21/04/17
 - Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 21/04/17
 - Seguridade Social, de data 21/04/17
 - Concello de Vigo, de data 07/04/17

2. Declaración responsable da presidenta da entidade, de data 20/04/17, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio e nomeamento da persoa responsable da sinatura do convenio (anexo I).
2. Declaración responsable de cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social e de non estar incurso en incompatibilidades ou prohibicións (anexo II).
3. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo III).
4. Certificación bancaria do número de conta da entidade ou asociación.
5. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
 - a) Fundamentación, obxectivos e metas
 - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización, participantes asistentes
 - c) Lugar de realización
 - d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
 - e) Recursos humanos e materiais
 - f) Sistemas de avaliación, etc.
6. O orzamento de gastos que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ÁREAS	CONCEPTO	ORZAMENTO	CONTÍA SOLICITADA
	Xestión e administración	6.000,00 €	5.500,00 €
Promoción	Edición da " Revista Anuario "	1.200,00 €	1.000,00 €
Convivencia	Festa das Peñas e Cea Irmandade	7.000,00 €	6.500,00 €
Social	XXIX Trofeo Cidade de Vigo de Xogos de Mesa	2.300,00 €	2.000,00 €
	TOTAIS	16.500,00 €	15.000,00 €

ANTICIPO

Atendendo ao disposto na Base da execución do presuposto nº 38.7, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando houberen solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio despreza a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 31 de outubro de 2017, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/01/17 e o 31/10/17, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o 3 de novembro de 2017.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A conta xustificativa presentarase en calquera dos lugares previstos no art. 38.4 da Lei 30/92, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38^a.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES09 2080 5077 933040016285 (ABANCA), segundo código de conta cliente de data 15/02/2016, emitido pola entidade bancaria.

NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos presuposto.

RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 20.2 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18º da Resolución de delegacións do alcalde de data 19/06/2015, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 15.000 € (quince mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890001, denominada "*Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo*", incluída no vixente orzamento municipal.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" (CIF.- G-36704666), cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade a realizar pola entidade entre xaneiro e outubro de 2017, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos derivados da súa organización, promoción e execución e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONDECER á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quince mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO" PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE REALIZADAS ENTRE XANEIRO E OUTUBRO DE 2017

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezasete

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Camilo Pais Martínez, con DNI 35995159-K, en calidade de Presidente da "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" (CIF : G-36704666), con domicilio social na rúa Otero Pedraio - Praza de Galegos Ilustres de Vigo, nº 5, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da documentación incorporada ao expte: 7577/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades

reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que a entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, de conformidade co art. 2 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins, todos eles de interese para a cidadanía viguesa:

- A estimulación e o desenvolvemento do deporte.
- O fomento e a estimulación da cultura e o arte.
- A organización e desenvolvemento de eventos recreativos.
- O apoio a iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo.
- Outras: organización de equipos deportivos, programación de xogos, excursións, torneos e outros eventos recreativos, organización de conferencias, actos culturais, veladas artístico-musicais...

III.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 143/90.

IV.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias planificadas para os meses de xaneiro a outubro de 2017, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos derivados da organización, fomento e execución das mesmas.

V.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240 4890001, denominada “Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo”, nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 15.000 €.

VI.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación de xaneiro a outubro de 2017, cuxa contía, segundo proxecto de actividades e orzamento, achegados pola entidade, ascende a:

ÁREAS	CONCEPTO	ORZAMENTO	CONTÍA SOLICITADA
Organización	Xestión e administracións	6.000,00 €	5.500,00 €

Promoción	Edición da “ Revista Anuario”	1.200,00 €	1.000,00 €
Convivencia	Festa das Peñas Cea Irmandade	7.000,00 €	6.500,00 €
Social	XXIX Trofeo Cidade de Vigo de Xogos de Mesa	2.300,00 €	2.000,00 €
TOTAIS		16.500,00 €	15.000,00 €

VII.- Que a entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que incorporadas ao expediente.

VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” comprométese a colaborar coa concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a organización, promoción, fomento e execución das actividades obxecto do presente convenio.
2. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicarlle calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
3. Editar o material gráfico da programación das actividades sociais que figuran no convenio e a súa distribución no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo como patrocinador das actividades, sendo esta cuestión extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
4. A revista “Anuario” reservará dúas páxinas para os saúdas do alcalde e do concelleiro de Participación Cidadá, figurando na contraportada do libro o texto “Patrocinado polo Concello de Vigo -Concellaría de Participación Cidadá-” co seu logotipo oficial. As páxinas para espazos publicitarios incluíranse no interior do libro e limitaranse a un máximo de 16. Na memoria final deberán indicarse os importes dos patrocinios publicitarios inseridos na revista.

5. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.

6. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

7. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

8. As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.

9. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto ca correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual, e inventario actualizado das dotacións e instalacións, deixando constancia do estado de conservación das mesmas.

10. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

11. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

12. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Federación de Peñas Recreativas El Olivo unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240 4890001, denominada "Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo" do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados organización, promoción, execución e, en definitiva, fomento das actividades sociocomunitarias programadas pola entidade para o os meses de xaneiro a outubro de 2017.

2. Respetar a estrutura organizativa da "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Federación de Peñas Recreativas El Olivo.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación do 2017.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **3 de novembro de 2017**.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) *Solicitud de abono da subvención.*

b) *Memoria descriptiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

1. *Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
2. *Datas e lugar de celebración.*
3. *Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
4. *Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso e horas de formación.*
5. *Actuacións realizadas.*
6. *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
7. *No seu caso, memoria de prensa e comunicación*
8. *No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
9. *Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.*

c) *Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun*

“x” diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificárase con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención*
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos*
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención*
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos*
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...*
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor*
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)*
- de conformidade co carácter finalista da subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria*
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención*
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente*

- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado, ou no seu caso, recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto, se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

j) Copias dos seguros de responsabilidade civil.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES09 2080 5077 93 3040016285 (ABANCA).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2017, no período comprendido entre o 01/01/17 e o 31/10/17.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- *En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

Décimo sétimo.- *A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

Décimo noveno.- *A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.*

Vixésimo.- *O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2017, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.*

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2017.

11(606).- PROPOSTA DE ACORDO MARCO PARA A AMPLIACIÓN DAS XORNADAS LABORAIS DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL PARA O ANO 2017. EXPTE: 30140/220.

Visto o informe de fiscalización do 16/06/17, dáse conta do informe-proposta de data 8/06/17, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Persoal, que di o seguinte:

En data 23 de maio de 2017 recíbese na Area de Recursos Humanos e Formación informa proposta asinado polo Intendente da Policía Local e conformado polo Concelleiro delegado da Area no que se propon a aprobación pola Xunta de Goberno Local da proposta de Acordo Marco que se achega como anexo, para a ampliación das xornadas laborais no servizo da Policía Local durante o ano 2017, a razón de 4.381 xornadas como máximo, que terían un coste máximo de 950.302,86 €, co obxectivo principal de poder acometer de xeito eficaz as necesidades ordinarias puntuais e os eventos extraordinarios detallados no apartado V, así coma os que de xeito imprevisto poidan acontecer ao longo do precitado ano, ante a insuficiencia dos recursos humanos ordinarios.

Motivase dita petición, entre outros, nas seguintes:

- carencia de efectivos no Servizo da Policía Local, dada a poboación censada a data 01/01/2016 - 292.817 habitantes-, a extensión do seu territorio e a densidade de poboación - 2.684,92 h/q²-.
- As funcións das Policía locais reguladas no art. 53 da L.O. 2/86 de Forzas e Corpos de Seguridade, e na Lei 4/07 de Galicia sobre Coordinación das Policía Locais de Galicia.
- A complexidade do espazo urbano en canto a súa extensión, intensidade e variedade de usos; (gran espazo rural, con núcleos de poboación relevantes, zonas verdes, etc)
- Localización de zonas industriais que constitúen focos de risco de contaminación para o medio ambiente;
- o ruído ambiental xerado polo tráfico de vehículos sobre os que se proxectan unhas esixencias técnicas que é indispensable facer cumprir;
- a crecente demanda dos cidadáns de protección do seu dereito á intimidade persoal e familiar e á integridade física nos seus domicilios, tantas veces expostos polas gravísimas inxerencias de fontes sonoras xeradas principalmente por actividades recreativas;
- a preservación das rúas e demais espazos públicos para o seu uso común e xeral polo conxunto da cidadanía, tantas veces ameazado polo uso indebido ou abuso de terceiros (ocupacións con colectores e sacos para cascallos; con estadas, terrazas dos negocios de hostalería, etc.);
- unha extensa liña de costa cos seus areais de concurrencia masiva nos meses estivais;
- os fenómenos modernos de grandes concentracións de persoas en espazos públicos non ideados a tal fin e que en non poucas ocasións xeran comportamentos incompatibles coas máis elementais normas de boa veciñanza;
- o fenómeno da venda ambulante ilegal que conocidamente leva implícito a de xéneros de ilícito comercio;
- a detección de situacións de desamparo ou risco de desamparo de menores;
- a propia situación de crise económica cun incremento significativo de delitos contra a propiedade e conflictividade social

- a execución das ordes xudiciais de afastamento das vítimas de violencia de xénero co Corpo Nacional de Policía.
- a vixiancia estática nalgún edificio e instalacións Municipal,
- as tarefas de carácter administrativo derivadas directamente da súa funcións de vixiancia, denuncia, intervención en conflitos privados e, asimesmo, outras tarefas administrativas que resultan alleas coma son os informes de convivencia, expedición de tarxetas de discapacitados, autorización residentes Casco Vello, autorización residentes zona Xer, autorización contenedores, transportes especiais, mudanzas, actos de comunicación xudicial, etc.

Refírense así mesmo a previsión para o ano 2017 de que un total de 32 policías superan os 58 anos e polo tanto, consonte ao disposto na mencionada Lei 4/07, o persoal da Policía Local pasarían a situación administrativa especial de segunda actividade, aínda que non exista ata a data na RPT deste Concello os postos de segunda actividade do Servizo da Policía Local.

Como xustificación da proposta sinalase

- garantir a prestación ordinaria das funcións previstas no ordenamento dun xeito eficaz.
- abordar profesionalmente os servizos de carácter extraordinario, mesmo eventos que sin ter ese acusado carácter, demandan gran cantidade de dispositivos policías
- Campañas de prevención.
- Aprobar as petición de disfrute dos días acumulados- horas extraordinarias realizadas por necesidades do servizo- que non se puideron conceder pola Xefatura por quedar os efectivos en servizo por debaixo dos servizos mínimos establecidos en cada sección.

O mapa de eventos extraordinarios previstos para 2017, sen perxucio dos que se poidan ir sumando, dada a antelación coa que se expoñen, son os seguintes:

- Especial vixiancia das zonas forestais e os areas na época estival.
- Vixiancia das Zonas Zas e botellón.
- Cruceiros de lecer.
- Os Partidos do Celta en Balaídos.
- As campañas de tráfico e de seguridade cidadá.
- Servizo nas Illas Cíes, na época estival.
- Marisquiño
- Vig Bay
- Duatlon cidade de Vigo
- Triatlon desafía Cíes
- Media maratón de Vigo
- San Silvestre
- Correlingua
- Carreira Érguete. Deporte solidario
- Carreira nocturna correndo por Vigo
- Vicis ESPACORUM
- Conxemar
- Feira do automóvil

- Festas da Xuventude
- Festa da Brincadeira
- Carreira nocturna de S Xoán
- Gran premio ciclista do Meixoeiro
- Gran premio ciclista de Teis
- Festas de Bouzas
- Festas de Santiago

A estes haberá que engadir os que ao longo do ano se poidan ir sumando (concentracións, manifestacións, folgas, etc), dada a súa continxencia e a imposibilidade de prevelos con esta antelación.

O coste das xornadas ascendería a 950.302,86 € como máximo, cantidade na que non se inclúe a eventual prolongación das xornadas de reforzo así como os recargos por festividade e nocturnidade, contemplados no mesmo.

Indicase varios obxectivos xerais que se pretenden acadar co programa de ampliación das xornadas de traballo referentes a actuación policial

Nas vixentes Instrucións sobre Cadro de Persoal e Relación de postos de traballo do persoal ao servizo da corporación e dos seus organismos autónomos aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e vixentes na actualidade, recollen no seu punto terceiro, apartado j) :

- Os programas de disponibilidad horaria que fose preciso acometer en atención a circunstancias excepcionais que podieran concurrir nalgún servizo, nas condicións que regulamentariamente aprobe a Xunta de Goberno local e previa elaboración por parte da Unidade Xestora dun estudo da concurrencia de circunstancias motivadoras excepcionais e urxentes, a imposibilidade de reasignación de efectivos e/ou de prestar o servizo cos efectivos existentes e os obxectivos a acadar co dito programa.

Así mesmo, nas Bases de execución do Orzamento vixentes, aprobadas polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2016, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 247 de 28 de decembro contemplase que: no caso excepcional de existencia de gastos relativos a xornadas de reforzo e gratificacións por prestacións feitas fora da xornada laboral, ós efectos do apartado 1.1.c), se comprobará que: no caso de xornadas de reforzo ou disponibilidad, existe un plan aprobado, cuantificando o número de xornadas, coste de cada unha delas e custe total. Se comprobará igualmente que para súa fiscalización se adxunta a certificación do Xefe do servizo en canto a súa execución, facendo constar na mesma ou nun documento independente, como mínimo a seguinte información: o nome do empregado que executou as horas ou a xornada, o día en que se fixo, referencia sucinta as necesidades a cubrir, as horas feitas si se trata de gratificación, ou xornadas si se trata de reforzos.

En canto aos demais aspectos, remítese aos informes emitidos polos técnicos da Área de Recursos Humanos con respecto aos expedientes 34002/212 e 34267/212 , correspondentes a aprobación dos programas de reforzos dos anos 2009 e 2010 así como en informes anteriores, en canto a necesidade de realización un exhaustivo estudo da organización do servizo en canto a turnos, réxime de descansos, establecemento dos períodos vacacionais e asuntos propios, xornada laboral anual realizada polos diferentes

turnos, persoal adscrito as diferentes seccións, réxime horario das distintas quendas, análise do absentismo e da siniestralidade laboral, etc, por si fora necesario realizar axustes nestes parámetros que permitisen optimizar o servizo e que deran lugar a redución das xornadas de reforzo a realizar.

Por outra banda , entendese que a incorporacion de novos efectivos provenientes da execucion das Ofertas de Emprego deberan supor unha minoracion do numero de xornadas de disponibilidade autorizadas e realizadas.

A realizacion das xornadas de disponibilidade aboaranse en concepto de produtividade, concepto que forma parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, recollidas tanto no TREBEP como R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, e esta destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais dos traballadores/as.

En data 26/05/2017 remítese informe ao Servizo da Policía Local en relación co texto do Acordo Marco remitido a esta Area no que se indica que, na proposta de data 23/05/2017:

No punto Terceiro, debería de recollese que a prorroga do Acordo Marco debe ser aprobada anualmente polo Organo competente, en tanto se manteñan as causas que dan lugar ao mesmo e a existencia de disponibilidade orzamentaria, sendo susceptible de seren modificados aspectos puntuais, previo acordo acadado na Comisión de Seguimento.

En referencia ao punto Sexto 1) as retribucións por xornada de reforzo incrementan o seu importe nun 2% sobre os aprobados no acordo Marco do ano 2012. No período 2012-2017 as retribucións dos empregados municipais unicamente foron incrementadas nun 1% segundo Ley de orzamentos do ano 2016.

Entendese que no caso de aprobarse a cantidade proposta para o aboamento da realización de xornadas de reforzo, dita cantidade non sería incrementada no suposto caso de aprobación da Lei de orzamentos para o ano 2017 e que esta conteña algun incremento retributivo para os empregados públicos.

Por outra banda inclúese o posto de Intendente Xefe, posto non existente na vixente RPT.

En relación ao punto terceiro do apartado sexto entendese que o aboamento das gratificacións previstas no art 10 en canto a festividade refírense única e exclusivamente a aquelas xornadas de disponibilidade realizadas en sábado e domingo ou día festivo, non sendo de aplicación o disposto en referencia ao traballo a quendas.

Por outra banda o artigo 14 do vixente Acordo Regulador non contempla gratificación algunha senon que se refire a necesidade de que transcurra un mínimo de 16 horas de descanso entre quendas.

En resúmen, a realización de xornadas de dispoñibilidade unicamente deberían devengar as retribucións contidas no punto sexto apartado un, as contempladas no caso de exceso de xornada de dispoñibilidade -apartado Sexto dous, así como os recargos correspondentes a realización das xornadas de dispoñibilidade en horario nocturno e festividade no caso de realización destas en sábado domingo ou festivo, así como a compensación por traballar os días 24 e 31 de decembro entre as 22 horas e as 15 horas do día seguinte (Art 16 apartado B) 2 do vixente Acordo Regulador).

No punto Oitavo deberías indicar que o número máximo mensual de xornadas de dispoñibilidade a realizar polos funcionarios da Policía Local será de dúas ao mes, ata un máximo de 13 xornadas anuais.

No apartado Oitavo 3.)- en canto a asignación de xornada de dispoñibilidade enténdese que deberán poderse asignar en calquera posto do servizo, horario non habitual e adaptado ao horario do evento, coa duración necesaria segundo o evento que ocasione a súa realización, e non só afectar as xornadas de libre disposición senon ao conxunto das xornadas de reforzo.

Por outra banda, dado que as xornadas de dispoñibilidade realizaranse en determinadas circunstancias coxunturais determinadas por eventos concretos deberíase considerar a obrigatoriedade de súa duración de 8 horas.

En relación ao punto 8 do apartado Oitavo, o artigo 14 do vixente Acordo Regulador non contempla gratificación algunha senon que se refire a necesidade de que transcurra un mínimo de 16 horas de descanso entre quendas, polo que no caso de así acordarse a diferenza entre o tempo necesario de descanso entre quendas e o real computarase como horas a compensar con descansos.

Dada a voluntariedade de adhesión a dito acordo por parte dos funcionarios do servizo da Policía Local, non considerase a súa obrigatoriedade de negociación colectiva, segundo do disposto no artigo 37 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido 5/2015 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aínda que afecten ás condicións dos postos de traballo, aínda que sería aconsellable que dito acordo conte coa conformidade da representación sindical.

En data 08/06/2016 remítese de novo proposta de Acordo Marco para a ampliación das xornadas laborais para o servizo da Policía Local, modificado nos aspectos sinalados no informe de data 26/05/2017.

De todos os xeitos sigue a figurar na proposta de acordo as cantidades a aboar por xornada de dispoñibilidade no que se inclúen os incrementos contemplados na Lei de orzamentos 2017, lei aínda en tramitación polo que a súa aplicación deberá realizarse unha vez que esta entre en vigor.

Polo tanto deberían ser as seguintes, contemplándose o seu incremento no momento no que sexan aprobado:

Posto	
Policía:	210,74 €
Oficial:	224,41 €
Inspector :	252,25 €
Inspector Principal:	259,34 €
Intendente	283,77 €
Superintendente xefe	311,85 €

Do mesmo xeito, as cantidades contempladas para o exceso de xornada na realización de xornadas de disponibilidad (Punro Sexto 3º) e no suposto da presentación dalgunha continxencia no estado de saúde na prestación da xornada de reforzo (Punto Setimo), os importes que deberán figurar no deben incluír o incremento previsto do 1%, ata a entrada en vigor da Lei de Orzamentos 2017. As cantidades correctas serían en ambos casos:

Posto	hora/€
Policía	26,34 €
Oficial	28,06 €
Inspector	31,53 €
Inspector Principal	32,44 €
Intendente	35,47 €
Superintendente xefe	38,98 €

Por último, no apartado Oitavo 8º refírese ao “aboamento previsto no art 14 (descanso entre quendas) do vixente Acordo Regulador”, cando dito artigo unicamente refírese ao período mínimo de descanso entre quendas debendo referirse a compensación do tempo de descanso entre quendas.

Corríxese así mesmo a referencias ao “Servizo de Recursos Humanos”, debendo figurar “Área de Recursos Humanos e Formación”

Inclúese no presente expediente documento de data 07/06/2017 no que se recolle a conformidade da representación sindical con dito Acordo.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

“1º.-Aproba-lo Acordo Marco para a ampliación das xornadas laborais para o persoal do Servizo da Policía local de Vigo que a continuación se transcribe:

ACORDO MARCO PARA A AMPLIACIÓN DAS XORNADAS LABORAIS PARA O SERVIZO DA POLICÍA LOCAL.

PRIMEIRA.- Obxecto e ámbito de aplicación

O presente Acordo ten por obxecto o establecemento do marco de referencia que determine o desenvolvemento da ampliación da xornada anual de traballo do persoal da Policía Local, nun máximo de 4.381 xornadas globais respecto ás legalmente previstas, 13 xornadas por efectivo, cunha duración cada unha delas de oito (8) horas.

As xornadas de reforzo serán utilizadas para acometer os eventos e campañas extraordinarios, e para cubrir os servizos mínimos acordados entre a Xefatura e a Comisión de policía ante a ausencia de funcionarios policiais por vacacións dentro do período acordado no convenio regulador vixente e, asimesmo, polo disfrute dos permisos e licencias recoñecidos na normativa da función pública.

SEGUNDA.-Xornadas de libre disposición da Xefatura.

Dentro das xornadas globais do presente acordo crearase unha bolsa de 740 xornadas extraordinarias de "libre disposición" da Xefatura que se incrementarán cos días non realizados polos funcionarios policiais.

TERCEIRA.-Vixencia

Este Acordo terá vixencia para o exercicio orzamentario do 2017 e prorrogarase anualmente en tanto se manteñan as causas que dan lugar ao mesmo e a existencia de dispoñibilidade orzamentaria.

CUARTA.- Adscripción ao Acordo.

Dado o carácter voluntario de participación no programa de reforzos, deberase realizar a adscripción ao mesmo de forma expresa por escrito, no que se declare o coñecemento das condicións nas que deberá realizarse aquel. Non entanto, unha vez adscritos ao programa, os/as interesados/as veñen obrigados/as ao seu exacto cumprimento nos termos previstos no presente acordo.

QUINTA.-Autorización realización das xornadas.

A realización das xornadas de dispoñibilidade serán autorizadas polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, previo informe da existencia de crédito para o gasto proposto na partida orzamentaria 9200.1500000 (Produtividade) e previa solicitude da Área de Seguridade e Mobilidade en función das necesidades do servizo derivadas das causas previstas no apartado primeiro.

SEXTA.- Retribucións.

1º O importe de cada xornada será, segundo as categorías profesionais, o seguinte:

<i>Posto</i>	<i>hora/€</i>
Policía:	210,74 €
Oficial:	224,41 €
Inspector :	252,25 €
Inspector Principal:	259,34 €
Intendente	283,77 €
Superintendente xefe	311,85 €

Os importes anteriores seran actualizados segundo o disposto nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado e demais disposicións legais de aplicación.

As xornadas serán retribuídas en concepto de produtividade, tras a remisión por parte da Xefatura da Policía Local dos listados correspondentes a Area de Recursos Humanos e Formación nos termos recollidos nas vixentes Bases de execución do orzamento (base 32.2.5).

2º No caso indispensable de que a xornada tivera que exceder das oito (8) horas, a diferenza abonarase segundo os seguintes parámetros:

Posto	hora/€
Policía	26,34 €
Oficial	28,06 €
Inspector	31,53 €
Inspector Principal	32,44 €
Intendente	35,47 €
Superintendente xefe	38,98 €

Ditos importes seran actualizados segundo o disposto nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado e demais disposicións legais de aplicación.

3º No caso de que ao persoal adscrito ao programa de reforzos se lle sexa asignado unha xornada de disponibilidad na quenda de noite, devengará o recargo en concepto de nocturnidade.

En todo caso, respetaranse as gratificacións previstas no art. 10 (nocturnidade e festividade), art. 16 B subapartado a) (24 e 31 de decembro), e as compensacións recollidas no art. 14 (descanso entre quendas) do vixente Acordo Regulador.

A estos efectos enténdese por xornada festiva a realizada en sábados, domingos e festivos segundo calendario laboral vixente.

As xornadas extraordinarias de disponibilidad non devengarán concepto retributivo distinto dos expresados no presente Acordo.

SÉTIMA.- Continxencias durante o exercicio dunha xornada de reforzo

Si durante a prestación dalgunha das xornadas de reforzo, o/a funcionario/a sufra algunha continxencia no seu estado de saúde que lle impida a continuación da prestación do servizo, deberá presentar xustificación oficial mediante o documento P 10, parte de ILT o documento que o substitúa.

Nestes supostos, o/a interesado/a poderá recuperar o tempo restante ata a conclusión da xornada de reforzo no momento en que se lle indique pola Xefatura de Servizo, sen prexuízo do seu dereito a percibir a cantidade correspondente a parte da xornada efectivamente realizada, abonándose segundo os seguintes parámetros, que seran actualizados segundo o disposto nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado e demais disposicións legais de aplicación:

<i>Posto</i>	<i>hora/€</i>
Policía	26,34 €
Oficial	28,06 €
Inspector	31,53 €
Inspector Principal	32,44 €
Intendente	35,47 €
Superintendente xefe	38,98 €

No entanto o disposto no parágrafo anterior, se a causa da incapacidade é por accidente de traballo ou enfermidade profesional, estarase ao disposto na normativa vixente e no Convenio.

OITAVA.- Organización dos reforzos

1º Corresponde exclusivamente á Xefatura do servizo organizar a prestación das xornadas segundo establecido no presente Acordo, respetando o segundo e tercer día de descanso do policía, agás os días de libre disposición.

As xornadas de dispoñibilidade non se poderán realizar, salvo acordo entre as partes, no período vacacional do policía.

O número máximo de xornadas serán de dúas ó mes, salvo acordo en contrario entre a Xefatura e o policía, ata un máximo anual de trece xornadas.

Ditas xornadas realizaranse con carácter xeral en servizos na rúa, sen prexuízo de doutras necesidades que se presenten.

2º No caso de coincidir no día sinalado para a realización dunha xornada de reforzo, un permiso oficial do interesado/a segundo a normativa vixente, baixa laboral ou enfermidade, éste/a perderá o dereito a súa realización pasando ese día á bolsa de días de “libre disposición” da xefatura prevista na cláusula segunda.

3º A asignación do día de reforzo reflexarase no cuadrante mensual, respetando polo menos 12 horas de descanso en relación coa da xornada anterior de traballo do interesado/a, salvo acordo entre as partes (Xefatura/policía). Os días extraordinarios de “libre disposición” da xefatura poderán realizarse en calquer posto de servizo, horario non habitual e adaptado ao horario do evento, se ben a súa duración non será inferior ás oito (8) horas.

4º A ausencia ao servizo nun día de reforzo sin aportar causa que a xustifique, dará lugar á perda por parte do funcionario/a do dereito á recuperación do mesmo, e ademais non se lle asignará outro reforzo durante os (4) meses seguintes.

5º Con carácter xeral, na primeira quincena do mes anterior ao da petición poderanse solicitar descansos para o mes seguinte, para así poder concedelos ata alcanzar o servizo mínimo establecido no Acordo Xefatura/Comisión de Policía, ou ben o número que estableza a Xefatura como consecuencia da celebración dun evento especial o campañas. Cando o número de efectivos baixe do umbral establecido, a Xefatura utilizará as xornadas de reforzo ordinarias para acadar os servizo mínimos.

6º A asignación da xornada extraordinaria de “libre disposición” comunicarase por medio da folla de firmas de asistencia ao servizo, aplicación informática VIGOPOL ou medio telemático. Ao obxecto da súa correcta notificación a través das novas tecnoloxías, é obrigatorio que

os interesados/as dispoñan e faciliten ao departamento de Recursos Humanos da Xefatura un número de teléfono móbil para elixir por que medio queren ser notificados (menxase sms o whatsapp).

7º No momento en que se dé aviso ao funcionario/a policial por algún dos cauces sinalados nos parágrafos 3º e 6º desta cláusula, éste poderá manifestar o seu rexeitamento, salvo caso extraordinario, en que se convocará ao “grupo de seguimento e interpretación do programa de reforzos” previsto na cláusula 9ª para garantir o servizo necesario. Nestes casos, ditas xornadas pasarán a ser contabilizadas como asignadas e non realizadas, e non lle será de aplicación a penalización prevista no apartado 4º desta cláusula.

8º Para a quenda 2M-2T-2N-4D, en caso de ser asignado o reforzo sin que houbera transcurrido o prazo mínimo de 12 horas (apdo. 3º desta cláusula) , únicamente lle corresponderá a compensación segundo o previsto no art. 14 (descanso entre quendas) do vixente Acordo Regulador.

Para as xornadas de reforzo de “libre disposición” tamén rexirá o disposto no apartado 4º desta cláusula.

NOVENA.- Participación do persoal.

Co fin de garantir o correcto cumprimento polas dúas partes das cláusulas do presente acordo e as súas vicisitudes, constitúese un “grupo de seguimento e interpretación do programa de reforzos” integrado polo Presidente do Comité de Persoal e un representante de cada sindicato no Comité de empresa; o Concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade; o Concelleiro-delegado de Xestión municipal; o Xefe do Corpo; e a Secretaria do Goberno Local ou técnico de administración xeral en quen delegue, o cal fará as veces de secretario/a. En cada reunión levantarase acta co contido dos asuntos tratados e, no seu caso, dos acordos acadados, dando traslado dos mesmos a Area de Recursos Humanos e Formación.

Dito grupo de seguimento reunirse de xeito trimestral, a efectos de realizar o seguimento do programa e comprobar a dotación de días acumulados na bolsa prevista na disposición primeira. O Xefe da Policía Local aportará á reunión un informe proposta sobre a aplicación do programa de reforzos nos meses vacacionais de xuño, xullo, agosto e setembro.”

Dése traslado do presente acordo aos correspondentes servizos, Concelleiros-delegados das areas de xestión Municipal e Seguridade e Mobilidade, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(607).- ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCIONES DE "COORDINADOR DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN DE VIGOZOO" AO FUNCIONARIO CO NÚMERO PERSOAL 10889. EXPTE: 30186/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 13/06/17, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

En escrito da Concelleira-Delegado da Area de Medio Ambiente e Vida Saudable, de data 12/06/2017, solicitase a autorizacion dunha atribución temporal de funcións ao funcionario de carreira D. Eugenio Costas Riveiro, (NP 10889), con praza de técnico medio de laboratorio e posto da mesma denominación (cod. Rtb 86), adscrito ao servizo de VigoZoo; para que desenvolva temporalmente as funcións do posto de "Coordinador Departamento de Educación" do servizo de VigoZoo, actualmente vacante, así como que realice as funcións de coordinación, baixo a superior dirección da Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, das tarefas de carácter técnico a desenvolver polos postos de Director de Réxime Interior, Conservador e Veterinario, adscritos ao servizo Vigozoo, elaboración de informes e propostas que sexan precisos para a boa marcha do zoolóxico municipal, tanto nas materias da súa competencia, coma nas que lle trasladen o Director de Réxime Interior, o Conservador e o Veterinario así como a dirección e coordinación no ámbito técnico das actividades propias do servizo, sen prexuízo de que mantéña a súa colaboración nas tarefas de conservador,

Pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal ordénase en instrucción do servizo de 13/06/2017 á Área de Recursos Humanos e Formación a realización dos trámites administrativos necesarios para autorizar a petición formulada en relación ao citado funcionario.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Artigo 73.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público: recolle a posibilidade legal de que as Administracións Públicas podan asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións. Por tanto, ten plena cobertura legal a atribución temporal de funcións en favor de funcionario/a público/a que reúna os requisitos previstos ao efecto na vixente RPT.

II.- Artigo 103 da vixente Constitución de 1978: obriga das Administracións Públicas de suxeición aos principios de eficiencia, xerarquía, desconcentración, descentralización e plena suxeición á Lei e ao Dereito.

A consecución da eficiencia na prestación do servizo público conleva a obriga de conciliar as necesidades derivadas do mesmo co marco legal vixente en materia de emprego público; no presente suposto, o carácter esencialmente temporal da atribución proposta conleva a adecuada cobertura provisional do exercicio das responsabilidades de sinatura técnica intradepartamental inherentes a toda xefatura, de xeito tal que se garanta o normal funcionamento do Servizo de Participación e Atención Cidadá mentres non se proceda á revisión global da Relación de Postos de Traballo (RPT) e da análise do contido dos postos de traballo na organización municipal.

A este respecto, indícase que existe unha proposta da Concellería-delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en tramitación, na cal se plantexa a reordenación dos postos de traballo adscritos a dita Área de Goberno, de xeito tal que se proceda á redistribución das funcións entre os distintos postos adscritos aos servizos dependentes da dita Área de Goberno

Dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento das áreas e servizos municipais en canto á administración e xestión ordinaria do mesmos, sinatura técnica, tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguemento da actividade e programación ordinaria, entre outros; e a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, considérase adecuado ao marco legal vixente a atribución provisional de funcións sen retribución económica ao empregado municipal D. Eugenio Costas Riveiro, (NP 10889), as funcións do posto vacante Codg Rtb 683 "Coordinador Dpto educación Zoo", materializándose no exercicio de funcións correspondentes a elaboración e deseño do programa de educación, cultural e ocio, execución do programa de educación, cultural e ocio coa asistencia, se fose precisa, do Conservador, Veterinario e Director de Réxime Interior, exercer as funcións de natureza formativa vinculadas ao posto de educador, como charlas de carácter educativo outras de análoga natureza, Exercer as funcións relacionadas coa elaboración de documentación como informes específicos, estatísticas etc, relacionadas coas funcións atribuídas., elaboración dos pregos de prescricións técnicas para contratacións relacionadas coas funcións atribuídas, sendo responsable da execución de ditos contratos, elaboración e execución dos convenios de colaboración con outros Zooloxos, Organismos ou Institucións relativos ás materias do posto, coordinación e supervisión das materias relacionadas coa información e divulgación ó exterior do servizo de VigoZoo (páxina web, medios de comunicación, etc...), adoptar as actuacións e iniciativas necesarias para manter unha fluída relación cos demais zooloxicos, organismos que os agrupan e institucións de interese relacionadas coas funcións atribuídas. Para o desenvolvemento das mesmas contara coa asistencia, se fose precisa, do persoal técnico. Por outra banda, e baixo a superior dirección da Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, realizara a coordinación das tarefas de carácter técnico a desenvolver polos postos de Director de Réxime Interior, Conservador e Veterinario, adscritos ao servizo VigoZoo, a elaboración de informes e propostas que sexan precisos para a boa marcha do zooloxico municipal, tanto nas materias da súa competencia, coma nas que lle trasladen o Director de Réxime Interior, o Conservador e o Veterinario así como a dirección e coordinación no ámbito técnico das actividades propias do servizo, sen prexuízo de que manteña a súa colaboración nas tarefas de conservador.

As anteriores funcións resultan axeitadas á clasificación, grao ou categoría profesional do empregado público proposto, segundo a vixente RPT e nos termos dos informes emitidos ao presente expediente administrativo.

Dita atribución provisional ten carácter limitado no tempo, cesando automaticamente coa aprobación da modificación puntual da RPT vixente e a conseguinte reorganización interna e racionalización de estruturas administrativas, establecéndose como data límite ao efecto o 31 de decembro de 2017.

III.- A presente atribución provisional non conleva gasto ao non levar asociada a percepción de complementos retributivos, sen prexuízo do cal, e para facilitar o exercicio da función interventora, remítese á Intervención Xeral Municipal aos efectos que procedan, en cumprimento do preceptuado nos artigos 213 a 223 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

IV.- En consecuencia, e á vista da motivación exposta; vistas as competencias que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e previa a conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase ao dito órgano colexiado a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Atribuir provisionalmente ao funcionario municipal D. Eugenio Costas Riveiro, (NP 10889), as funcións do posto vacante Codg Rtb 683 “Coordinador Dpto educación Zoo”, materializándose no exercicio de funcións correspondentes a elaboración e deseño do programa de educación, cultural e ocio, execución do programa de educación, cultural e ocio coa asistencia, se fose precisa, do Conservador, Veterinario e Director de Réxime Interior, exercer as funcións de natureza formativa vinculadas ao posto de educador , como charlas de carácter educativo outras de análoga natureza, exercer as funcións relacionadas coa elaboración de documentación como informes específicos, estatísticas etc, relacionadas coas funcións atribuídas., elaboración dos pregos de prescricións técnicas para contratacións relacionadas coas funcións atribuídas, sendo responsable da execución de ditos contratos, elaboración e execución dos convenios de colaboración con outros Zoos, Organismos ou Institucións relativos ás materias do posto , coordinación e supervisión das materias relacionadas coa información e divulgación ó exterior do servizo de VigoZoo (páxina web, medios de comunicación, etc...), adoptar as actuacións e iniciativas necesarias para manter unha fluída relación cos demais zoolóxicos, organismos que os agrupan e institucións de interese relacionadas coas funcións atribuídas.Para o desenvolvemento das mesmas contara coa asistencia, se fose precisa, do persoal técnico. Por outra banda, e baixo a superior dirección da Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, realizara a coordinación das tarefas de carácter técnico a desenvolver polos postos de Director de Réxime Interior, Conservador e Veterinario, adscritos ao servizo Vigozoo, a elaboración de informes e propostas que sexan precisos para a boa marcha do zoolóxico municipal, tanto nas materias da súa competencia, coma nas que lle trasladen o Director de Réxime Interior, o Conservador e o Veterinario así como a dirección e coordinación no ámbito técnico das actividades propias do servizo, sen prexuízo de que manteña a súa colaboración nas tarefas de conservador.

SEGUNDO.- Establecer como límite temporal da vixencia da presente autorización a data de aprobación definitiva da modificación puntual da RPT vixente que se realice para a reorganización interna e racionalización de estruturas administrativas nos servizos dependentes da Area de Goebrho de Medio ambiente e Vida Saudable.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao efectivo afectado, Concelleiro/a-delegado/a das Áreas correspondentes, así como ao Comité de Persoal.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(608).- ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCIONS, FUNCIONARIA CON NÚMERO DE PERSOAL 81094, SERVIZO TURISMO E INDUSTRIA. EXPTE: 30184/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16/06/17, dáse conta do informe-proposta de data 13/06/17, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Recíbese nesta Area expte nº 6724-104 "solicitude de encomenda de funcions do posto de tecnico de turismo a funcionaria D^a Antía Mosquera Gonzalez, com NP 81094, asinado pola Xefa do servizo de Festas e conformado pola Concelleira da Area, na que se solicita que, ante a baixa por IT da titular do posto de Tecnico de Actividades Turisticas, sexan encomendadas ditas funcions a funcionaria D^a Antía Mosquera González, nº persoal 81094, administrativa de administración xeral do servizo de Turismo e Industria, que conta coa formación suficiente e necesaria para o desempeño das mesma.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-Artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público: recolle a posibilidade legal de que as Administracións Públicas podan asignar ao seu persoal funcions, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustificuen e sen merma das retribucións. Por tanto, ten plena cobertura legal a atribución temporal de funcions en favor de funcionario/a público/a que reúna os requisitos previstos ao efecto na vixente RPT.

II.-Artigo 103 da vixente Constitución de 1978: obriga das Administracións Públicas de suxeición aos principios de eficiencia, xerarquía, desconcentración, descentralización e plena suxeición á Lei e ao Dereito.

A consecución da eficiencia na prestación do servizo público conleva a obriga de conciliar as necesidades derivadas do mesmo co marco legal vixente en materia de emprego público; no presente suposto, o carácter esencialmente temporal da atribución proposta conleva a adecuada modificación das funcions e responsabilidades derivadas das necesidades do Servizo de Xuventude necesarias para garantir a mellor calidade na prestación dos servizos.

Dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento das áreas e servizos municipais e a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, considérase adecuado ao marco legal vixente a atribución provisional de funcions ao funcionaria D^a Antía Mosquera González, nº persoal 81094, com praza e posto de administrativo de admon xeral e adscrita ao servizo de Turismo

Dita atribución ten carácter provisional, limitado no tempo, cesando automáticamente no momento no cal se produza a reincorporación da titular do posto Tecnico de actividades turisticas da sua baixa por IT, establecéndose como data límite ao efecto o 31 de decembro de 2017, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación

vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo una vez verificados o cumprimento dos requisitos e condicións establecidos na normativa de aplicación e singularmente, o previsto nas vixentes Instruccions citada

III.- Os criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade que se outor-gue corresponderíase con recollidos nas vixentes Instruccions sobre plantilla e cadro de persoal, anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo e en concreto, a instrucción terceira na que se establece expresamente que retribuiranse en concepto de produtividade o especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia de su titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a sua duración sexa superior a un mes polo importe da diferenca de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos. A estos efectos as vacacións consideraranse sempre como dun mes, independentemente da sua duracion.

A sua duracion deberá ser superior a un mes, tendo como limite o 31 de decembro de cada ano, debendose proceder polas xefaturas dos servizos das oportunas redistribucións das tarefas entre os efectivos adscritos ao mesmo ou ben á reasignacion ou mobilidade funcional de efectivos.

No presente caso , a autorizacion da encomenda de funcions a D^a Antía Mosquera González, nº persoal 81094,, con posto e praza de administrativo, con titulacion de Licenciada en quimicas e master en direccion e xestion de Actividades Turisticas da Universidade Nacional de Educacion a Distancia, suporia un aboamento maximo en concepto de produtividade, calculado en funcion das diferencias retributivas en canto a complemento de destino e específico entre o posto Codg Rtb 701 Tecnico/a Actividades Turisticas e o posto Codg Rtb 105 Administrativo de Admon Xeral , que ascende a cantidade de 635,67 €/mes (diferencia entre destino e específico de ambos postos), polo que no caso de autorizarse e ata o 31/12/2016 suporia un custo maximo de 3814,02 €, polo que remítese á Intervención Xeral Municipal, en cumprimento do preceptuado nos artigos 213 a 223 do RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Unha vez autorizada e para a tramitacion do correspondente expediente de aboamento de complemento de produtividade , de se-lo caso, deberá achegase de xeito trimestral informe do xefe de servizo, ou superior xerárquico, no que se fagan constar as tarefas efectivamente desempeñadas polo funcionario no período considerado, así como a avaliación da sua realizacion, incluíndo os días que o/a funcionario/a afectado/a efectivamente ocupase o seu posto de traballo dentro do período obxecto de aboamento, de acordo cos sistemas de control de presenza establecidos (ficha ou similar).

IV.- En consecuencia, e á vista da motivación exposta; vistas as competencias que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e previa a conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase ao dito órgano colexiado a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Atribuir provisionalmente a funcionaria municipal D^a Antía Mosquera González, nº persoal 81094 a realizacion das funcions do posto Codg Rtb 701 Tecnico/a de actividade Turisticas asi como aquelas que sexan necesarias para garantir a mellor calidade na prestacion dos servizos.

SEGUNDO.- Establecer como límite temporal da vixencia da presente autorización no momento no cal se produza a reincorporación da titular do posto da súa baixa por IT, establecéndose como data límite ao efecto o 31 de decembro de 2017, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo una vez verificados o cumprimento dos requisitos e condicións establecidos na normativa de aplicación e singularmente, o previsto nas vixentes Instruccions citadas.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao efectivo afectado, Concelleiro/a-delegado/a das Áreas correspondentes, así como ao Comité de Persoal.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(609).- ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCIONS, FUNCIONARIO CO NÚMERO DE PERSOAL 77172, SERVIZO XUVENTUDE. EXPTE: 30182/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16/06/17, dáse conta do informe-proposta de data 13/06/17, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Recíbese nesta Área expte nº 4946-336 “Solicitud encomenda de funcions Jose Franco Reza e modificacion RPT”, asinado pola Xefa do servizo de Xuventude , o Xefe do Servizo de Administracion electronica e conformado pola Concelleira Delegada da Área de Igualdade, Xuventude e Normalizacion Linguistica, na que se solicita a transformación do posto de traballo 138 Auxiliar Administrativo C2 CE 16 CE 166 adscrito ao Servizo de Xuventude (Unidade 336) en Posto de Traballo de Enlace Informático 125 C2 CD 16 e CE 140, dadas as funcions reais que esta a desenvolver dito posto (Deseño e mantemento Web, Mantemento de software e hardware das instalacións dependentes da Concellería de Xuventude, Formación e asesoramento tanto ao persoal do servizo como aos usuarios, resolución das incidencias que se presentan no Ciber da Casa da Xuventude, etc). Así mesmo, solicítase que mentras non sexa aprobada dita modificación, sexa autorizada unha encomenda de funcións no periodo maio-decembro 2017 ao funcionario D José Antonio Franco Reza, DNI: 3609780Q e número de persoal 77172, adscrito ao Servizo de Xuventude (Unidade 336) que conta coa formación suficiente e necesaria de Técnico Superior en Administración de Sistemas Informáticos e Técnico Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Web, para a realización das anteditas tarefas, que serán supervisadas polo servizo de Administración Electrónica.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-Artigo 73.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público: recolle a posibilidade legal de que as Administracións Públicas podan asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustificuen e sen merma das retribucións. Por tanto, ten plena cobertura legal a atribución temporal de funcións en favor de funcionario/a público/a que reúna os requisitos previstos ao efecto na vixente RPT.

II.-Artigo 103 da vixente Constitución de 1978: obriga das Administracións Públicas de suxeición aos principios de eficiencia, xerarquía, desconcentración, descentralización e plena suxeición á Lei e ao Dereito.

A consecución da eficiencia na prestación do servizo público conleva a obriga de conciliar as necesidades derivadas do mesmo co marco legal vixente en materia de emprego público; no presente suposto, o carácter esencialmente temporal da atribución proposta conleva a adecuada modificación das funcións e responsabilidades derivadas das necesidades do Servizo de Xuventude necesarias para garantir a mellor calidade na prestación dos servizos.

Dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento das áreas e servizos municipais e a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, considérase adecuado ao marco legal vixente a atribución provisional de funcións ao funcionario D José Antonio Franco Reza, (NP 77172)

Dita atribución ten carácter provisional, limitado no tempo, cesando automaticamente no momento no cal se produza a conseguinte reorganización interna e racionalización de estruturas administrativas e modificación do contido do posto de se lo caso, establecéndose como data límite ao efecto o 31 de decembro de 2017, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo una vez verificados o cumprimento dos requisitos e condicións establecidos na normativa de aplicación e singularmente, o previsto nas vixentes Instruccions citada

III.- Os criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade que se outor-gue corresponderíase con recollidos nas vixentes Instruccions sobre plantilla e cadro de persoal, anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo e en concreto, a instrucción terceira na que se establece expresamente que retribuiranse en concepto de produtividade o especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia de su titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos. A estos efectos as vacacións consideraranse sempre como dun mes, independentemente da súa duración.

*A súa duración **deberá ser superior a un mes**, tendo como límite o 31 de decembro de cada ano, debendose proceder polas xefaturas dos servizos das oportunas redistribucións das tarefas entre os efectivos adscritos ao mesmo ou ben á reasignación ou mobilidade funcional de efectivos.*

No presente caso , a autorización da encomenda de funcións a D José Antonio Franco Reza, DNI: 3609780Q e número de persoal 77172, con posto e praza de auxiliar administrativo, con titulación de Técnico Superior en Administración de Sistemas Informáticos e Técnico Superior

en Desenvolvemento de Aplicacións Web, suporía un aboamento máximo en concepto de produtividade, calculado en función das diferenzas retributivas en canto a complemento de destino e específico entre o posto Codg Rtb 125 Enlace informático Dirección de INgresos e o posto Codg Rtb 138 Auxiliar de Admon Xeral, que ascende a cantidade de 220,04 €/mes, polo que no caso de autorizarse e ata o 31/12/2016 suporía un custo máximo de 1540,28 €, polo que remítese á Intervención Xeral Municipal, en cumprimento do preceptuado nos artigos 213 a 223 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Unha vez autorizada e para a tramitación do correspondente expediente de aboamento de complemento de produtividade, de se-lo caso, deberá achegarse de xeito trimestral informe do xefe de servizo, ou superior xerárquico, no que se fagan constar as tarefas efectivamente desempeñadas polo funcionario no período considerado, así como a avaliación da súa realización, incluíndo os días que o/a funcionario/a afectado/a efectivamente ocupase o seu posto de traballo dentro do período obxecto de aboamento, de acordo cos sistemas de control de presenza establecidos (ficha ou similar).

IV.- En consecuencia, e á vista da motivación exposta; vistas as competencias que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e previa a conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase ao dito órgano colexiado a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Atribuír provisionalmente ao funcionario municipal D José Antonio Franco Reza, (NP 77172) a realización das funcións de contido informático tanto a nivel de software como de hardware (Deseño e mantemento Web, Mantemento de software e hardware das instalacións dependentes da Concellería de Xuventude, Formación e asesoramento tanto ao persoal do servizo como aos usuarios, resolución das incidencias que se presentan no Ciber da Casa da Xuventude, etc) así como aquelas que sexan necesarias para garantir a mellor calidade na prestación dos servizos.

SEGUNDO.- Establecer como límite temporal da vixencia da presente autorización no momento no cal se produza a conseguinte reorganización interna e racionalización de estruturas administrativas e modificación do contido do posto, de se-lo caso, establecéndose como data límite ao efecto o 31 de decembro de 2017, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo una vez verificados o cumprimento dos requisitos e condicións establecidos na normativa de aplicación e singularmente, o previsto nas vixentes Instrucións citadas.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao efectivo afectado, Concelleiro/a-delegado/a das Áreas correspondentes, así como ao Comité de Persoal.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(610).- AXUDAS ESPECIAIS MAIO 2017 (FAS). EXPTE: 30139-220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9/06/17, dáse conta do informe-proposta de data 8/06/17, asinado pola xefa de Area de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, remítese a esta Área de Recursos Humanos e Formación acordo adoptado pola mesma en sesión do 23/05/2017, relativo á concesión de axudas especiais aos seguintes empregados municipais tal como se reflicte en dita acta por un importe de 2.491,00 € :

APELIDOS E NOME	DNI	Nº Per- soal	Euros
MARIÑO VILLANUEVA, JULIA	36045806-E	22361	2.215,00 €
PEREIRAS BERMEJO, VIRGINIA	78737463-E	80769	276,00 €
TOTAL			2.491,00 €

Así mesmo, denégases a reclamacións presentadas por D. David González Riveiro, segundo acordo da Comisión non corresponde axuda e D. Juan Ramón Guenaga Cano, dado que non corresponde reclamación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, prorrogado.

II.- Artigos 29, 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.

III.- Bases de Execución do Orzamento Municipal do Concello de Vigo para o exercicio económico 2017.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Imputación do gasto: clasificación económica 22101620400-Fondo Social dos orzamentos municipais para o ano 2016.

V.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS), que se incorpora ao presente expediente, establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:

1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social, achégase certificación da Xunta de Goberno Local de data 16/04/2013, de aprobación de ditas bases rectoras.

2.- *Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.*

3.- *Recepción, estudio e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.*

4.- *Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.*

5.- *Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.*

6.- *Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.*

7.- *Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.*

8.- *En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.*

VI.- *Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local.*

*En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:*

Primeiro.- *Aprobar as axudas especiais propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 23/05/2017, por un importe total de **2.491,00 €** (DOUS MIL CATROCIENTOS NOVENTA E UN EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indica co importe que se especifica:*

APELIDOS E NOME	DNI	Nº Per-	Euros
-----------------	-----	---------	-------

		soal	
MARIÑO VILLANUEVA, JULIA	36045806-E	22361	2.215,00 €
PEREIRAS BERMEJO, VIRGINIA	78737463-E	80769	276,00 €
TOTAL			2.491,00 €

Segundo.- Denegar as solicitudes preentadas por D. David González Riveiro, dado que por acordo da Comisión non corresponde a axuda e D. Juan Ramón Guenaga Cano, por non corresponder a reclamación.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(611).- PLAN DE FORMACIÓN 2017. EXPTE: 30218/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 19/06/17, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Por resolución da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 26/12/2016 (expediente nº 29.160/220) acordouse incoar expediente administrativo para a planificación e dirección estratéxica da formación, con elaboración da Estratexia de Formación do Concello de Vigo, designando como instrutora do expediente administrativo á funcionaria municipal D^a María Dapena Gómez, Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, así como constituir a tal efecto, dous grupos de traballo encargados da planificación, desenvolvemento e xestión da formación no Concello de Vigo:

- o Grupo Técnico de Planificación e Dirección da Formación,
- o Grupo Técnico de Desenvolvemento e Xestión da Formación.

Aos efectos de garantir a participación da representación sindical dos traballadores na actividade que se desenvolva polos grupos de traballo, dispónse que terán a condición de invitados no grupo técnico de desenvolvemento e xestión 2 representantes sindicais que se designen pola Mesa do Comité de Persoal.

2.- As funcións dos devanditos grupos, segundo a citada resolución, son as seguintes:

1.- Grupo Técnico de Planificación e Dirección da Formación:

-Estudio, impulso, dirección, debate e articulación práctica dos procedementos Administrativos necesarios para a implementación e materialización práctica das actividades de planificación e dirección da formación do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

-Estudio, debate e elaboración da Estratexia de Formación ou Plan Estratéxico de Formación do persoal ao servizo do Concello de Vigo, presentando os documentos na Comisión de Formación.

-Seguemento e calendarización da xestión e desenvolvemento da formación.

-Interlocución coa Comisión de Formación, plantexando a reorientación da actividade da mesma.

-Dirección, supervisión e coordinación da actividade do Grupo Técnico de Desenvolvemento e Xestión da Formación.

-Interlocución e debate coa representación sindical dos empregados/as públicos municipais no marco do desenvolvemento do proceso, sen prexuízo das competencias legalmente atribuídas á Mesa Xeral de Negociación.

-Emisión de informe nos supostos nos cales os órganos municipais competentes así o soliciten en relación cos traballos encomendados e as súas incidencias.

-Coordinar, planificar e supervisar a formación que se desenvolve en ámbitos específicos (policía local, efectivos destinados no Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS) ou formación en materia de prevención de riscos laborais)

-Informar á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal da actividade desenvolta polos dous grupos, sempre que así se demande por ésta, e en calquera caso, con periodicidade trimestral.

-Calquera outra de análogo contido que lle sexa expresamente atribuída pola concellería competente en materia de persoal.

2.- Grupo Técnico de Desenvolvemento e Xestión da Formación:

Funcionará baixo a dirección do Grupo Técnico de Planificación e Dirección da Formación, e terá por funcións as seguintes:

-Xestionar de xeito directo a posta en marcha das actividades formativas e as súas incidencias inherentes contidas na Estratexia de Formación, incluídas a xestión e tramitación dos expedientes administrativos derivados e da posta en marcha das ferramentas TIC necesarias ao efecto.

-Desenvolver os procesos e procedementos necesarios para a materialización práctica da Estratexia de Formación.

-Debatir coa representación sindical designada pola Mesa do Comité, a xestión da formación.

-Prestar apoio técnico especializado ao Grupo Técnico de Planificación e Dirección da Formación, e celebrar as sesións de traballo conxuntas que así se convoquen.

-Calquera outra relacionada coa xestión e desenvolvemento da formación que lle sexa expresamente atribuída pola concellería competente en materia de persoal ou polo Grupo Técnico de Planificación e Dirección da Formación.

3.- Así, e como consecuencia do traballo efectuado polo Grupo Técnico de Planificación e

Dirección da Formación, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de maio de 2017, acordou a aprobación do Marco Estratéxico da Formación do Concello de Vigo (Expte 29922/220).

Por outra banda, por parte do Grupo Técnico de Desenvolvemento e Xestión da Formación, seguindo os criterios fixados no anteriormente citado Marco Estratéxico de formación, elabórase o documento correspondente ao Plan de Formación para o ano 2017, para a previa aprobación pola Comisión Paritaria de Formación e posteriormente, pola Xunta de Goberno Local, a fin de poder ofertar ao persoal as actividades formativas previstas nos prazos fixados no Marco Estratéxico.

MOTIVACIÓN

I. LEGAL:

Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP):

-Artigo 14:

“Los empleados públicos tienen los siguientes derechos de carácter individual en correspondencia con la naturaleza jurídica de su relación de servicio:

b) Al desempeño efectivo de las funciones o tareas propias de su condición profesional y de acuerdo con la progresión alcanzada en su carrera profesional.

c) A la progresión en la carrera profesional y promoción interna según principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad mediante la implantación de sistemas objetivos y transparentes de evaluación.

e) A participar en la consecución de los objetivos atribuidos a la unidad donde preste sus servicios y a ser informado por sus superiores de las tareas a desarrollar.

g) A la formación continua y a la actualización permanente de sus conocimientos y capacidades profesionales, preferentemente en horario laboral.”

-Artigo 54- Principios de conducta:

“8. Mantendrán actualizada su formación y cualificación.”

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local: artigo 4:

“1. En su calidad de Administraciones públicas de carácter territorial, y dentro de la esfera de sus competencias, corresponden en todo caso a los municipios, las provincias y las islas:

a) Las potestades reglamentaria y de autoorganización.

c) La potestad de programación o planificación.”

II.- ASPECTOS TÉCNICOS:

O Plan de formación Anual para o 2017 divídese en programas de formación e programas de capacitación, desenvolvéndose consonte ás seguintes previsións:

1.- As accións formativas de capacitación terán lugar preferentemente dentro da xornada laboral. No caso do S.E.I.S. ,proponse que dúas xornadas de traballo (24 horas) se destinen á realización das actividades de capacitación.

Inclúense no Plan todas as accións formativas financiadas con cargo aos orzamentos do

Concello de Vigo, así coma aqueles outros que se realicen con cargo a subvención da EGAP.

2.- A convocatoria dos cursos realizarase a través do programa de xestión dos cursos de formación, ao igual que as comunicacións de admisión nos mesmos.

Na convocatoria xeral inicial do Plan de Formación incluíranse todas as accións formativas propostas para o ano 2017, ao obxecto de coñecer a demanda que existe para cada actividade por parte dos traballadores municipais. No caso de existir actividades formativas que non acaden un mínimo de 20 solicitudes con prioridade entre 1 e 5, estas serán anuladas (non se realizarán), podendo ser substituídas por outra acción formativa ou por unha nova edición daqueles cursos con maior demanda.

3.- No plan de formación anual para o 2017, poderán participar todos os empregados/as públicos municipais do Concello de Vigo que a data da convocatoria manteñan relación de servizo ou laboral coa entidade, ao igual que os traballadores e traballadoras das entidades locais adheridas ao plan de formación agrupado MAIV-Concello de Vigo, sempre e cando manteñan vínculo de servizo ou laboral coa entidade local de procedencia.

4.- Os participantes serán seleccionados segundo os criterios previstos nas convocatorias de cada unha das accións formativas, respectando en todo momento os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

Os criterios xerais a seguir para a selección dos asistentes serán:

- Axuste ao perfil do persoal destinatario
- Observacións de interese con relación ao posto de traballo.
- Orde de prioridade establecido na solicitude.
- Situación de servizo/laboral.

Así mesmo, será penalizado de cara á posterior admisión noutros cursos o abandono inxustificable nunha actividade formativa.

6.- Para a obtención do certificado de asistencia será imprescindible a asistencia ao 85% das clases presenciais. No caso de formación semipresencial, ademais da asistencia obrigatoria as sesións presenciais, esixirase a realización dos exercicios prácticos, probas ou avaliacións que así se especifiquen en cada caso. No caso de formación en liña, será necesaria a superación da totalidade de módulos que compoñen a acción formativa así como a realización dos exercicios prácticos, probas ou avaliacións que, en cada caso, se indiquen.

7.- Obrigas específicas esixidas aos formadores

Para a impartición de todos os cursos do Plan de Formación 2017 que inclúan parte práctica real con equipos, ferramentas e/ou maquinarias así como cursos "onjob" -job training-, xa sexan impartidos por funcionarios ou formadores internos como por empresas de formación ás que se lle encargue a realización da actividade, será necesario presentar inescusablemente:

a) Curriculum vitae da/s persoa/s formadora/s no que se especifique, entre outros aspectos:

- A formación académica, que deberá ser adecuada ao contido do curso.
- A formación complementaria (cursos, xornadas, etc.) relacionada coa área de

coñecemento do curso.

- *Cursos de metodoloxía na formación e formación para adultos ou metodoloxía didáctica (CAP, Formador de Formadores, Formador ocupacional,...)*
- *Experiencia laboral directamente relacionada coa materia del curso.*
- *Experiencia docente relacionada coas materias a impartir.*

No caso de contratación da actividade formativa con empresas, antes do inicio da actividade formativa, a empresa ou entidade contratada para impartir a formación deberá xustificar o cumprimento das obrigas derivadas do RD 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais. A tal fin deberán seguir o establecido na Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do Concello de Vigo, aprobada por acordo plenario de data 29/11/2010, e publicada no BOP de 29/03/2011.

8.- Ao obxecto de asegurar a calidade, efectividade e eficacia da formación e a mellora da programación, á finalización da acción formativa realizarase unha enquisa entre todos os participantes co fin de coñecer a súa opinión sobre distintos aspectos do curso. Así mesmo, realizarase un cuestionario de avaliación do curso ao formador, co fin de dispoñer de información máis completa sobre o desenvolvemento da acción. A análise da información obtida a través das enquisas en canto á realización, ao desenvolvemento, aos resultados obtidos e á xestión do mesmo recolleranse nun informe final, contendo as principais conclusións e valoracións acadadas.

III.- AUSENCIA DE CONTIDO ECONÓMICO DA PROPOSTA DE ACORDO:

A presente proposta non resulta susceptible de cuantificación exacta, debido á circunstancia de que a execución de cada unha das diferentes accións formativas levará aparellada a tramitación do correspondente expediente de gasto, que será obxecto da preceptiva fiscalización previa.

Adicionalmente, a realización ou non dun curso esstará en función do número de alumnos/as, cuxa determinación neste momento resulta imposible, ao non atoparse aprobado o plan e conseguintemente tampouco as convocatorias e prazos de inscrición.

Por tanto, enténdese que non resultaría preceptiva a fiscalización previa da proposta de acordo pola Intervención Xeral, nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non ser susceptible de determinación a efectiva produción dun gasto futuro.

IV.- NEGOCIACIÓN COLECTIVA E DICTAME DA COMISIÓN PARITARIA DE FORMACIÓN:

Ditas accións formativas foron debatidas na reunión da Comisión Paritaria de Formación (art. 42 do vixente Acordo Regulador), na súa reunión de data 15/06/2017, toda vez que, tal e como se contempla no artigo 37 do TREBEP, están suxeitas á obriga de negociación colectiva os plans de formación e a distribución dos fondos asignados á mesma; sendo éste o órgano previsto no Concello de Vigo a tal efecto. Achegase acta da devandita reunión.

Polo tanto, vistas as consideracións expostas, e de conformidade co establecido no artigo 127.1, apartados g) e h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e coa conformidade do Concelleiro-delegado da Área

de Xestión Municipal, sométese ao criterio da Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO.- Aprobar o “Plan de Formacion do Concello de Vigo para o ano 2017”, de conformidade cos antecedentes e motivación expostos no informe-proposta que antecede, contido no Anexo I do presente acordo, e que forma parte inseparable do mesmo.

SEGUNDO.- Ordenar a inserción do presente acordo na Intranet municipal para público coñecemento de todo o persoal municipal e dos cargos públicos municipais, así como da representación sindical dos empregados/as públicos municipais, notificando por vía electrónica o mesmo ao Comité de Persoal, nos termos do comunicado á mesa xeral de negociación o 21/04/2016; e notificando igualmente ao Presidente/a da Comisión de Formación do Concello.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

PROPOSTA 1- PLAN FORMACION 2017					
FORMACION XERAL					
Accion formativa	Edicion	N H/ed	N Alu/Ed	Destinatarios	Modalidade
PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO TRALA REFORMA DA LEI 39/2015 (NIVEL BASICO)	2	25	25	C1-C2	Semipresencial
TRANSPARENCIA Y GOBIERNO ABIERTO EN LAS EELL	2	20	25	Todo o persoal	Semipresencial
XESTIÓN PRESUPOSTARIA	1	30	25	A1-A2 C1	Semipresencial
OBRADOIRO RECURSOS INFORMATICOS PARA LINGUA GALEGA	1	20	25	Todo o persoal	On line
DEFENSA PERSONAL PARA MULLERES	2	16	15	Todo o persoal	presencial
MANTEMENTO BASICO DE INSTALACIONES MUNICIPAIS FONTANERIA	1	40	15	Oficiais de oficios	presencial
CONTRATACIÓN PÚBLICA ELECTRÓNICA	1	30	25	A1-A2 C1	Semipresencial
LOPD NA ADMINISTRACION PUBLICA	1	20	25	Todo o persoal	On line
Accion formativa	Edicion	N H/ed	N Alu/Ed	Destinatarios	Modalidade

ADMINISTRACION ELECTRONICA E PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO (basico)	1	20	25	Todo o persoal	On line
PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO ELECTRÓNICO	1	20	25	A1-A2 C1	Semipresencial
INGLES PARA PROCEDIMIENTOS COTIDIANOS EN LA ADMON PUBLICA	1	40	25	Todo o persoal	On line
INGLES POR NIVEIS	1	80	25	Todo o persoal	On line
INNOVACIÓN E SIMPLIFICACION ADMINISTRATIVA	1	20	25	A1-A2 C1	Semipresencial
FIRMA ELECTRONICA E CERTIFICADO DIXITAL	1	16	25	A1-A2 C1	On line
XESTION DO CAMBIO NAS ADMINISTRACIONES PUBLICAS	1	20	25	A1-A2 C1	On line
ARQUIVO ELECTRÓNICO E DIXITALIZACIÓN DE DOCUMENTOS	1	20	25	Todo o persoal	Semipresencial
ELABORACION DE INFORMES EFICACES	1	20	25	A1-A2 C1	On line
USO EFICIENTE DEL CORREO ELECTRÓNICO (ZIMBRA)	1	16	25	Todo o persoal	On line
ANALISIS DAS FERRAMENTAS DA ADMINISTRACION ELECTRÓNICA	1	25	25	A1-A2 C1	On line
COMUNICACIÓN E ATENCION AO CIUDADAN	1	20	25	Todo o persoal	presencial
DESARROLLO E ENTRENAMIENTO DA MEMORIA	1	20	25	Todo o persoal	presencial
XESTION DE SUBVENCIONS	1	20	25	A1-A2 C1	Semipresencial
FOLLA DE CALCULO AVANZADA	1	30	25	Todo o persoal	On line
GESTIÓN DEL ESTRES Y MINDFULNESS	1	20	25	Todo o persoal	presencial
APLICACIONES INFORMÁTICAS PARA TRATAMIENTO DE TEXTOS	1	40	25	Todo o persoal	on line
PRESENTACIONES EFICACES	1	20	25	Todo o persoal	On line
CAPACITACION XERAL					
Accion formativa	edicion	N Horas/edicion	N Alumnos/Edicion	Destinatarios	Modalidade
SEGURIDAD INFORMATICA				todo o persoal	On line
CONCEPTUALIZACION DA APLICACION INFORMATICA DE REGISTRO DE USUARIOS DE SERVICIOS SOCIAIS	1	12	15	Servizos sociais	presencial
XESTION DE EXPEDIENTES				todo o persoal	On line
CALIDAD SERVICIO DESINFECCION	1	20	8	Oficiais desinfectores	presencial
UTILIZACION PROGRAMA GINPIX	1		20	RRHH-Nominas	On line

CRITERIOS HIGIENICOS SANITARIOS PARA A PREVENCIÓN E CONTROL DA LEXIONELOSIS	1	20	8	Electromecánicos	presencial
Accion formativa	edicion	N Horas/edicion	N Alumnos/Edicion	Destinatarios	Modalidade
ATENCION AO CIDADANA NOS SERVIZOS SOCIAIS. XESTION DE SITUACIONS CRITICAS E BOAS PRACTICAS	1	15	20	A1-A2	presencial
ATENCION AO CIDADANA NOS SERVIZOS SOCIAIS. XESTION DE SITUACIONS CRITICAS E BOAS PRACTICAS	1	15	20	C1-C2	presencial
FORMACION COIDADORES ZOO	1	30	15	C2	presencial
CAPACITACION SEIS					
Accion formativa	edicion	N Horas/edicion	N Alumnos/Edicion	Destinatarios	Modalidade
AEAS NIVEL MEDIO	1	14	10		presencial
HIDRAULICA BÁSICA	1	21	12		presencial
HIDRAULICA ESPECIALISTA	5	8	12		presencial
EXCARCELACION	1				presencial
MERCANCIAS PELIGROSAS	1	19,5	25		presencial
FORMACION CONDUTORES BOMBEROS NUEVO INGRESO OEP 13	1				presencial

17(612).- DAR CONTA RESOLUCIÓN RELATIVA AO CESAMENTO DO DIRECTOR DE GABINETE DE ALCALDÍA. EXPTE: 30092/220.

Dáse conta da resolución de Alcaldía de data 31/05/17, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

*Durante a vixencia do presente mandato, e ao abeiro do establecido nos artigos 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local; artigo 176 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local, esta Alcaldía-Presidencia resolve nomear a D. JOSÉ CARLOS BAÑOS MÁRQUEZ, con DNI *****487K, como Director de Gabinete da Alcaldía, na condición de persoal eventual ao servizo do Concello de Vigo.*

Consonte ao disposto no artigo 104 da antedita Lei 7/1985, do 2 de abril, o nomeamento e cesamento do persoal eventual é libre, correspondendo éste á Alcaldía ou Presidencia da Entidade Local, establecéndose que o dito persoal cesará automaticamente cando expire o mandato da autoridade á cal presten as súas funcións de confianza ou asesoramento especial, podendo ser libremente cesados en calquera momento por decisión da autoridade que os nomeou.

En consecuencia, e ao abeiro das competencias que a lexislación invocada me outorga, así como daquelas que o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, me atribúe, pola presente RESOLVO

*“PRIMEIRO.- Cesar con efectos económicos e administrativos do 1 de xuño do 2017 a D. JOSÉ CARLOS BAÑOS MÁRQUEZ, con DNI *****487K, Director de Gabinete da Alcaldía, cesando en consecuencia na condición de persoal eventual ao servizo do Concello de Vigo.*

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ao interesado, á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, Secretaría Xeral (Pleno, Goberno Local e Administración Municipal); Intervención Xeral Municipal; Tesourería Municipal; Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal e Área de Recursos Humanos e Formación (Xefatura do Negociado de Seguridade Social) aos efectos oportunos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

18(613).- DAR CONTA RESOLUCIÓN RELATIVA A NOMEAMENTOS PERSOAL EVENTUAL (DIRECTORA GABINETE ALCALDÍA E ADXUNTA Á DIRECTORA GABINETE ALCALDÍA). EXPTE: 30092/220.

A) Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data 6/06/17, de nomeamento da directora de Gabinete de Alcaldía, que di o seguinte:

Durante a vixencia do presente mandato, e ao abeiro do establecido nos artigos 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local; artigo 176 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local, esta Alcaldía-Presidencia resolveu cesar a D. José Carlos Baños Márquez como Director de Gabinete da Alcaldía, na condición de persoal eventual ao servizo do Concello de Vigo.

Consonante ao disposto no artigo 104 da antedita Lei 7/1985, do 2 de abril, o nomeamento e cesamento do persoal eventual é libre, correspondendo éste á Alcaldía ou Presidencia da Entidade Local, establecéndose que o dito persoal cesará automaticamente cando expire o mandato da autoridade á cal presten as súas funcións de confianza ou asesoramento especial, podendo ser libremente cesados en calquera momento por decisión da autoridade que os nomeou.

En consecuencia, estando vacante o posto de traballo de persoal eventual indicado, e ao abeiro das competencias que a lexislación invocada me outorga, así como daquelas que o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, me atribúe, pola presente **RESOLVO**

“PRIMEIRO.- Nomear con efectos económicos e administrativos da data de presente resolución a D^a PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO como Directora de Gabinete da Alcaldía (persoal eventual do Concello de Vigo) cesando en consecuencia no posto de Adxunto/a á Dirección de Gabinete que ata o momento ocupaba no Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ao interesado/a, á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, Secretaría Xeral (Pleno, Goberno Local e Administración Municipal); Intervención Xeral Municipal; Tesourería Municipal; Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal e Área de Recursos Humanos e Formación (Xefatura do Negociado de Seguridade Social) aos efectos oportunos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

B) Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data 8/06/17, de nomeamento da adxunta á directora de Gabinete de Alcaldía, que di o seguinte:

Durante a vixencia do presente mandato, e ao abeiro do establecido nos artigos 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local; artigo 176 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local, esta Alcaldía-Presidencia resolveu cesar a D^a Patricia Rodríguez Calviño como Adxunta á Dirección do Gabinete da Alcaldía, nomeándoa como Directora de Gabinete, na condición de persoal eventual ao servizo do Concello de Vigo, por Decreto de data 06/06/2017.

Consonte ao disposto no artigo 104 da antedita Lei 7/1985, do 2 de abril, o nomeamento e cesamento do persoal eventual é libre, correspondendo éste á Alcaldía ou Presidencia da Entidade Local, establecéndose que o dito persoal cesará automaticamente cando expire o mandato da autoridade á cal presten as súas funcións de confianza ou asesoramento especial, podendo ser libremente cesados en calquera momento por decisión da autoridade que os nomeou.

En consecuencia, estando vacante o posto de traballo de “Adxunto/a á Dirección do Gabinete da Alcaldía”, reservado a persoal eventual, e ao abeiro das competencias que a lexislación invocada me outorga, así como daquelas que o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, me atribúe, pola presente RESOLVO

“PRIMEIRO.- Nomear con efectos económicos e administrativos da data de presente resolución a D^a LETICIA GALLEGO SANROMÁN como Adxunta á Directora de Gabinete da Alcaldía (persoal eventual do Concello de Vigo) cesando en consecuencia no posto de Asesor/ade Relacións Institucionais e de Protocolo que ata o momento ocupaba no Concello de Vigo (persoal eventual).

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ao interesado/a, á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, Secretaría Xeral (Pleno, Goberno Local e Administración Municipal); Intervención Xeral Municipal; Tesourería Municipal; Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal e Área de Recursos Humanos e Formación (Xefatura do Negociado de Seguridade Social) aos efectos oportunos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

19(614).- DAR CONTA RESOLUCIÓN DEIXANDO SEN EFECTO A ENCOMENDA TEMPORAL DE FUNCIÓNS AO FUNCIONARIO CO NÚMERO DE PERSOAL 23627. EXPTE. 29777/220.

Dáse conta da referida Resolución do concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, de data 30/05/17, que di o seguinte:

Por Resolución do Concelleiro Delegado de xestión Municipal de data 12/08/2012, considerando as necesidades organizativas do Verbum-Casa das Palabras que se demandan polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde, recollidas en escrito de 12 de maio do 2008, e ao abeiro do recollido no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das competencias que a normativa en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, e que ostenta por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, resolveu encomendar provisionalmente ao funcionario administrativo de Administración xeral D. Rosendo Covelo Roma, adscrito ao Servizo de Deportes, funcións de dirección administrativa do Verbum-Casa das Palabras, con dereito á percepción dun complemento de produtividade que se determine segundo o disposto nas vixentes Instrucións de Plantilla, previa proposta do servizo.

Da devandita resolución deuse conta a Xunta de Goberno local, na súa sesión de data 19/05/2008.

En escrito de data 12/05/2016 (Doc 160130761) o concelleiro delegado de cultura propon deixar sen efecto a actual encomenda de funcións ao funcionario adscrito ao servizo de Deportes, Rosendo Covelo Roma, para a dirección administrativa do Verbum-Casa das Palabras, xa que se considera pouco efectivo seguir coa

situación actual de xestión do equipamento por parte dun funcionario de outra concellería totalmente axena aos temas culturais. As funcións do posto serían asumidas polo Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural.

Posteriormente, en data 17/02/2017, asinado polo Concelleiro delegado de Deportes, remítese expte 15858-333 no que, tendo en conta a actual configuración do cadro de persoal da área de deportes, considérase necesario cubrir a vacante existente na RPT en relación ó posto de Xefe de Negociado ao obxecto de posibilitar a optimización dos procedementos administrativos así como a operativización das tarefas da coordinación administrativa da área de deportes, propoñendo a adscripción temporal do funcionario D. Rosendo Gonzalo Covelo Roma (NP 23627), que na actualidade ocupa o posto código 1604 de administrativo na área de deportes.

*No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e delegación efectuada en Decretos de Alcaldía e Acordos da XGL de 19/06/2015 e 30/12/2016 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, ao Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal ,
PROPONSE:*

Primeiro.- Deixar sin efecto a Resolución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal de data 12/08/2012 pola que se lle encomendan provisionalmente ao funcionario D Rosendo Covelo Roma, con NP 23627, adscrito ao Servizo de Deportes, funcións de dirección administrativa do Verbum-Casa das Palabras.

Segundo.- Da presente resolución, dése traslado ao interesado, Intervención Xeral, Concelleiro/a-delegado/a da Área así como ao Comité de Persoal.

Terceiro.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada..

20(615).- PRÉSTAMO TEMPORAL DA OBRA “O ABÓ GRAN DIDA NO SILLÓN” DE MANOLO MOLDES, PARA EXPOSICIÓN NO MUSEO DE PONTEVEDRA. EXPTE. 5964/337.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informa-proposta do 9/06/17, asinado polo director do Museo municipal Quiñones de León, o xefe do

Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

Con data do pasado 3 de marzo recíbese no Museo municipal “Quiñones de León” escrito do Director do Museo de Pontevedra, no que se informa da organización para o ano 2017 da exposición: “**Pontevedra suite. Manolo Moldes**” que, comisariada por Ángel Cerviño, se celebrará na sala de exposicións temporais do Sexto Edificio dese museo entre o 27 de xuño e o 17 de setembro do ano en curso.

Con esta exposición preténdese presentar ao público unha selección, o máis completa posible, das obras realizadas por este artista entre os anos 1983 e 1987, fundamentais na súa traxectoria artística e profundamente enraizadas na reflexión sobre a súa propia contorna, os seus espazos naturais, os seus mitos, lendas, xentes, ensonacións ou ditos populares.

Para esta exposición a selección do comisario inclúe unha das obras principais deste artista que forma parte da colección do museo municipal “Quiñones de León”, e que o museo de Pontevedra solicita formalmente o seu préstamo temporal:

- **Artista:** Manolo Moldes
- **Nº Inv.:** 506
- **Técnica:** Acrílico s/lenzo
- **Dimensións:** 198 x 250 x 4,5 cm.
- **Título:** O abó Gran Dida no sillón
- **Data:** 1983
- **Valor a efecto de seguro:** 18.000 euros

Achego ao escrito inclúese o formulario de préstamo así como o relatorio de condicións técnicas para exposicións do Museo de Pontevedra

Estudado o Facility Report que establece as condicións climáticas, de iluminación e seguridade da sala onde terá lugar a exposición para a que se solicita a obra, enténdese que ésta contemplan todas as condicións que se consideran suficientes para proceder ao préstamo.

DISPOSICIÓNS LEGAIS.

Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local
Regulamento de Bens das Entidades Locais.

RD 1372/1986, de 13 de xuño, de Regulamento de Bens das Entidades Locais.

O museo municipal “Quiñones de León” de Vigo foi declarado monumento histórico-artístico mediante decreto 474/1962 de 1 de marzo; e conseguintemente, coas súas coleccións, contan coa declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) mediante Resolucións de 10 e 19 de abril de Segundo establece o artigo 64.1 da Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia -DOG núm 92, de 16 de maio de 2016- “ O traslado de bens mobles declarados de interese cultural (BIC) deberá ser autorizado pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e anotado no Rexistro de Bens de Interese Cultural. Indicarase a súa orixe e destino, o carácter temporal ou definitivo do traslado e as condicións de conservación, seguridade, transporte e, no seu caso, aseguramento”.

Vistos os antecedentes e dado o interese cultural da exposición así como a oportunidade para a divulgación do patrimonio artístico da colección de arte do Museo municipal "Quiñones de León", a dirección deste museo propón á **Xunta de Goberno Local**:

1.- "Autorizar o préstamo temporal da seguinte obra:

- **Artista:** Manolo Moldes
 - **Nº Inv.:** 506
 - **Técnica:** Acrílico s/lenzo
 - **Dimensións:** 198 x 250 x 4,5 cm.
 - **Título:** O abó Gran Dida no sillón
 - **Data:** 1983
- Valor a efecto de seguro:** 18.000 euros

ao Museo de Pontevedra, organizador da exposición: "**Pontevedra suite. Manolo Moldes**" que, comisariada por Ángel Cerviño, se celebrará na sala de exposicións temporais do Sexto Edificio dese museo entre o 27 de xullo e o 17 de setembro do ano en curso, segundo as condicións xerais que se achegan ao expediente.

2.- "En todo caso, o préstamo queda condicionado á aceptación, por parte do Museo de Pontevedra, como promotor da exposición, das condicións xerais de préstamo que se achegan ao expediente, así como á resolución favorable da saída de obra por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(616).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS PARA OS CONCERTO DE PAGAMENTO DO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'17". EXPTE. 1283/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/06/17, dáse conta do informe-proposta de data 16/06/17, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

Antecedentes

Dende a Área de Cultura estase a organizar a décimo terceira edición do *Festival de Jazz de Vigo IMAXINA SONS'17*, que se desenvolverá en diversos espazos da cidade, do 30 de xuño ao 8 de xullo.

O concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu, con data 16 de xuño, que por esta xefatura se inicie o expediente necesario para fixar os prezos de venda de entradas dos concertos de pagamento incluídos no programa do citado festival, a celebrar no Auditorio Municipal do Concello e mailo salón de actos do MARCO.

Fundamentación xurídica

A proposta redáctase de conformidade co artigo 3 da ordenanza municipal número 42 do Concello de Vigo para o ano 2017, reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos, que establece que se o custo de organización do espectáculo fose extraordinario, poderán incrementarse as tarifas relacionadas anteriormente en contía que non supere o custo calculado en base á ocupación total das localidades, previa presentación da correspondente xustificación de gastos na Intervención de Fondos e posterior aprobación da Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a aprobación do expediente, de acordo co sinalado no artigo 3.1 da mencionada ordenanza municipal número 42 para o ano 2017.

Xustificación

Xa que o custo de organización desta programación é extraordinario, tal e como establece a citada ordenanza reguladora de prezos públicos, incrementanse as tarifas relacionadas nesta ordenanza en contía que non superará o custo calculado en base á ocupación total das localidades.

A programación do festival conta con nove concertos de pagamento: seis no auditorio municipal (285 butacas) e tres no salón de actos do Marco (140 butacas).

O custo dos nove concertos, incluíndo cachés dos artistas e o prorrato dos costes xerais do festival para produción técnica, material gráfico publicitario, dereitos de autor e servizo de venda de entradas, ascendería a 78.555,95 € que se divide en:

Cachés: 53.555,95 €

Material gráfico: 4.000 €

Produción: 18.000 €

Dereitos de autor: 1.000 €

Servizo de venda de entradas: 2.000 €

O custe total dos concertos de pagamento serían pois 76.055,95 €, dividido entre o número total máximo de espectadores posibles 2.130 (285x6= 1.710 e 140x3= 420), sería un prezo máximo por concerto de 36,88 €, polo que, en base á citada ordenanza, o prezo máximo de cada entrada non podería superar este prezo.

PROPOSTA.-

Así pois, e en base aos criterios fixados polo servizo da Área de Cultura , propóñense os seguintes prezos de venda de entradas para cada espectáculo:

DÍA	LUGAR	ESPECTÁCULO	CACHÉ	AFO-RO	PREZO PRO-POSTO
30/06/17	Auditorio Municipal	Uri Caine Trio	13.310,00 €	285	5,00 €
01/07/17	Auditorio Municipal	Abe Rábade Trío	6.201,25 €	285	5,00 €

02/07/17	Auditorio Municipal	Marc Ducret Trio	5.590,20 €	285	5,00 €
03/07/17	MARCO	Albert Cirera	1.089,00 €	140	3,00 €
04/07/17	MARCO	Santi Quintáns	1.936,00 €	140	3,00 €
05/07/17	MARCO	Julián Elvira	1.512,50 €	140	3,00 €
06/07/17	Auditorio Municipal	Alfonso Calvo Septet	3.549,00 €	285	5,00 €
07/07/17	Auditorio Municipal	Carlos Bica&Trio Azul	9.720,00 €	285	5,00 €
08/07/17	Auditorio Municipal	Alexander Von Schlippenbach	10.648,00 €	285	5,00 €

Ningún dos prezos propostos superan o custo calculado en base á ocupación total das localidades nas medias calculadas, segundo establece a ordenanza nº 42 reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos no seu artigo 3.1

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través do servizo de Ticketea (web www.ticketea.com, teléfono 902.044.226 e despacho de billetes da central de espectáculos) e no mesmo despacho de billetes do Auditorio Municipal e salón de actos do Marco, desde unha hora antes do comezo do espectáculo.

Á vista do exposto, previo informe da Intervención Xeral, coa conformidade do secretario de Administración Electrónica e mailo concelleiro-delegado da Área de Cultura, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

“Que se autoricen os prezos de venda de entradas para os concertos de pagamento previstos no Festival de Jazz IMAXINA SONS’17, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº 42 para o ano 2017, segundo o seguinte detalle:

DÍA	LUGAR	Hora	ESPECTÁCULO	AFO-RO	PREZO PRO-POSTO
30/06/17	Auditorio Municipal	21:00 h	Uri Caine Trio	285	5,00 €
01/07/17	Auditorio Municipal	21:00 h	Abe Rábade Trío	285	5,00 €
02/07/17	Auditorio Municipal	21:00 h	Marc Ducret Trio	285	5,00 €
03/07/17	MARCO	20:30 h	Albert Cirera	140	3,00 €
04/07/17	MARCO	20:30 h	Santi Quintáns	140	3,00 €
05/07/17	MARCO	20:30 h	Julián Elvira	140	3,00 €
06/07/17	Auditorio Municipal	21:00 h	Alfonso Calvo Septet	285	5,00 €
07/07/17	Auditorio Municipal	21:00 h	Carlos Bica&Trio Azul	285	5,00 €

08/07/17	Auditorio Municipal	21:00 h	Alexander Von Schlippenbach	285	5,00 €
----------	---------------------	---------	-----------------------------	-----	--------

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través do servizo de Ticketea (web www.ticketea.com, teléfono 902.044.226 e despacho de billetes da central de espectáculos) e no mesmo despacho de billetes do Auditorio Municipal e salón de actos do Marco, desde unha hora antes do comezo do espectáculo.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(617).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN E MATERIAIS DE FERRETERÍA. EXPTE. 79256/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31/05/17 e o informe de fiscalización do 9/06/17, dáse conta do informe-proposta de data 7/06/17, asinado polo xefe do servizo administrativo e control orzamentario, o xefe do servizo de Vías e obras, o concelleiro-delegado da Área de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- Con data 10 de marzo de 2017 emítese informe xustificativo da necesidade e idoneidade para a contratación dos SUMINISTROS DE FORMIGÓNS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN E MATERIAIS DE FERRETERÍA, asinado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario.

2º.- Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 24 de marzo de 2017, autorizou o inicio das actuacións para a contratación dos citados subministros.

No presente expediente de contratación consta a documentación que segue:

a.- Prego de prescricións técnicas particulares redactado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras, asinado con data de 16 de maio de 2017, no se establecen os seguintes lotes:

LOTE Nº 1: Subministro de formigóns e morteiros

LOTE Nº 2: Subministro de áridos

LOTE Nº 3: Subministro de materiais de construción.

LOTE Nº 4: Subministro de materiais de ferreteria.

b.- Informes xustificativos dos prezos para cada un dos catro lotes do que se compoñe o presente expediente, redactados polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras, asinado con data de 17 de maio de 2017

c.- Informe da técnica de administración xeral do departamento de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 24 de maio de 2017, así como dilixencia de corrección do PCAP de data 30 de maio de 2017

d.- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola técnica de administración xeral do departamento de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 30 de maio de 2017

e.- Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 31 de maio de 2017, sobre o PCAP de data 30 de maio de 2017.

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

Terceiro.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Quinto.- No expediente xustifícase o procedemento elixido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e no presente expediente de acordo ao carácter estandarizado do subministro, estímase como único criterio de adxudicación o prezo ofertado polo licitador, que determinarase en función dos porcentaxes de descontos ofertados, de acordo coas fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Sexto.- A Asesoría Xurídica, con data 31/05/2017, emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria a contratación do subministro de diferente material necesario para os traballos que se desenvolven nas obras de mantemento e reparación no termo municipal

realizado polo Taller de Vías e Obras. O materia a subministrar establece nos seguintes lotes:

LOTE Nº 1: Subministro de formigóns e morteiros

LOTE Nº 2: Subministro de áridos

LOTE Nº 3: Subministro de materiais de construción.

LOTE Nº 4: Subministro de materiais de ferretería.

Segundo: Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares redactado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras, asinado con data de 16 de maio de 2017.

Terceiro: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola técnica de administración xeral do departamento de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 30 de maio de 2017.

Cuarto: Autorizar o gasto por importe de de 1.110.000,00 € (IVE engadido), dos que o importe correspondente ao IVE é de 192.644,63 €, polo que prezo sen IVE é de 917.355,37 €.

O valor estimado do contrato estipúlase en 2.442.000,00 € EUROS.

Correspondéndose os seguintes importes por lotes:

Lotes	Total	Ive	Prezo sen ive
LOTE Nº 1: Subministro de formigón:	400.000,00 €	69.421,49 €	330.578,51 €
LOTE Nº 2: Subministro de áridos	160.000,00 €	27.768,60 €	132.231,40 €
LOTE Nº 3: Subministro de materiais de construción	450.000,00 €	78.099,17 €	371.900,83 €
LOTE Nº 4: Subministro de materiais de ferretería	100.000,00 €	17.355,37 €	82.644,63 €
Total	1.110.000,00 €	192.644,63 €	917.355,37 €

Trátase dun contrato de carácter plurianual. Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 – Conservación de vías e espazos públicos”, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado, aplicándose a seguinte distribución de anualidades:

Lotes	2017	2018	2019	Total
LOTE Nº 1: Subministro de formigón:	100.000,00 €	200.000,00 €	100.000,00 €	400.000,00 €
LOTE Nº 2: Subministro de áridos	40.000,00 €	80.000,00 €	40.000,00 €	160.000,00 €

<i>LOTE Nº 3: Subministro de materiais de construción</i>	<i>112.500,00 €</i>	<i>225.000,00 €</i>	<i>112.500,00 €</i>	<i>450.000,00 €</i>
<i>LOTE Nº 4: Subministro de materiais de ferretería</i>	<i>25.000,00 €</i>	<i>50.000,00 €</i>	<i>25.000,00 €</i>	<i>100.000,00 €</i>
<i>Total</i>	<i>277.500,00 €</i>	<i>555.000,00 €</i>	<i>277.500,00 €</i>	<i>1.110.000,00 €</i>

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(618).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez